

COÑECENDO AS COOPERATIVAS DE HORTA E DE FLOR

COÑECENDO AS COOPERATIVAS DE HORTA E DE FLOR



COÑECENDO AS COOPERATIVAS DE HORTA E DE FLOR

Xunta de Galicia



Nota: Reprodución autorizada, con indicación da fonte bibliográfica.

EQUIPO REALIZADOR

DIRECCIÓN

D. Higinio Mougán Bouzón

COORDINACIÓN

Dna. Ruth Rodríguez Ferreiros

ASESORAMENTO TÉCNICO

Dna. M^a José Cabaleiro Casal

Dna. M^a José Ginzo Vilamayor

D. David Vila López

COLABORACIÓN TÉCNICA

Dna. Sandra Rey Louzán

Imprime

Gráficas Garabal

Dep. Legal

C ###-2016

Coa colaboración institucional da

Xunta de Galicia

PRESENTACIÓN

A Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA, elabora este Informe sobre o cooperativismo en horta e flor (Coñecendo as cooperativas de horta e de flor) co obxectivo de que constituía un elemento básico de referencia para o coñecemento da realidade e evolución do cooperativismo en Galicia.

Este Informe procurará desvelar cales son os retos económicos e sociais destes grupos de agricultores e gandeiros galegos que apostan por unir as súas forzas para aspirar a soños que o actual mercado competitivo non permitiría acadar traballando en solitario.

As cooperativas agrarias e, especificamente as de horta e flor, atoparán nel información útil para avaliar o seu traballo actual e futuro. A sociedade en xeral, incluíndo as Administracións e Institucións Públicas, teñen aquí unha ferramenta de traballo e un documento de referencia para promover e fomentar o cooperativismo como unha fórmula xurídica perfectamente válida para a actividade económica.

O cooperativismo non só é un instrumento para gañar cartos, senón que é unha organización moi humana, arraigada nun mundo rural en vías de desaparición polo éxodo cara ás cidades e o envellecemento da poboación. Dende as cooperativas traballan con motivación de devolverlle ás persoas do rural o dereito a vivir na súa terra natal e obter uns ingresos dignos.

Queremos agradecer a colaboración e asesoramento dos diversos especialistas e cooperativistas que participaron na elaboración deste Informe: ben aportando datos do sector ou ben adicando os seus esforzos a coñecelo mellor. Grazas tamén a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que mediante as actividades da REDE EUSUMO impulsa este Informe para o fomento do cooperativismo e a economía social.

José Severino Montes Pérez
Presidente de AGACA

ÍNDICE

A.	Obxectivos, metodoloxía e estrutura	5
1.	Obxectivos perseguidos co Informe	5
2.	Metodoloxía e técnicas aplicadas	6
3.	Estrutura do Informe	8
B.	Zoom sobre o cooperativismo no sector da horta e da flor	11
1.	A persoa socia	12
2.	Órganos de goberno	14
3.	Aspectos laborais	20
4.	Aspectos produtivos	25
5.	Aspectos económicos	29
6.	Os retos de futuro das cooperativas de horta e flor: comercialización e internacionalización	53
C.	Análise das cooperativas agroalimentarias	59
1.	A persoa socia	60
2.	Órganos de goberno	62
3.	Aspectos laborais	69
4.	Aspectos comerciais	74
5.	Aspectos económicos	79
	BIBLIOGRAFÍA	107

A. Obxectivos, metodoloxía e estrutura

1. Obxectivos perseguidos co Informe

Este Informe vai dirixido á pequena e mediana sociedade cooperativa agraria de Galicia, tan necesitada de apoios e instrumentos de xestión empresarial e de planificación económica.

Somos conscientes da existencia de traballos realizados con carácter xeral para empresas dos mesmos ámbitos de actividade, por parte dos organismos públicos e privados. Sen embargo, dadas as características específicas da sociedade cooperativa, a xestión da mesma non é comparable a outras empresas do mesmo sector pero con diferente forma xurídica, e algúns aspectos sociais, contables e fiscais.

É por isto que nos parece interesante dotar á sociedade cooperativa de documentos específicos centrados nesta fórmula societaria, sen que isto impida a comparanza con outras empresas con distinta forma xurídica.

O obxectivo xeral do presente Informe, por tanto, é esclarecer a verdadeira contribución do cooperativismo agroalimentario e, en particular, do cooperativismo no sector da horta e da flor, ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Este Informe foi realizado en base aos datos sociais, económicos e contables das sociedades cooperativas correspondentes ao exercicio 2014, seguindo a serie iniciada cos anteriores.

O estudo trata de ilustrar o que significan as empresas cooperativas agroalimentarias galegas e, en particular, as cooperativas de horta e flor. Mostra a importante labor que xogan dentro do mundo rural, así como as súas preocupacións, os seus retos e desafíos máis urxentes e as estratexias necesarias para acadar con éxito os obxectivos marcados.

Finalmente, non queremos concluír esta pequena introdución sen agradecer a desinteresada colaboración das sociedades cooperativas que subministran os datos técnico – económicos, imprescindibles para a realización do mesmo. Desexamos que o documento sexa de máxima utilidade e que a colaboración prestada polas cooperativas sexa amplamente recompensada coa aplicación que poidan facer deste Informe, a partires dos datos que del se desprenden.

2. Metodoloxía e técnicas aplicadas

O mecanismo empregado para indagar nas características socioeconómicas das cooperativas agroalimentarias galegas é a enquisa.

Os ámbitos nos que se opera son os seguintes:

- **Ámbito poboacional:** a poboación obxecto da investigación é o conxunto de cooperativas agroalimentarias que hai en Galicia, socias de Agaca.
- **Ámbito xeográfico:** abrangue todo o territorio galego.
- **Ámbito temporal:** corresponde ao primeiro semestre do ano en curso.
- **Período de referencia:** corresponde ao ano 2014.

- **Unidades da enquisa:** distinguimos dous tipos de unidades, a cooperativa e a persoa socia da entidade. A cooperativa é a unidade básica de análise. Cando se estudan os datos das cooperativas téñense en conta todas as persoas que conforman cada unha delas.
- **Unidades de mostreo:** o mostreo é unietápico. A unidade primaria de mostreo é a cooperativa.
- **Tipo de mostreo:** o mostreo que se aplica é o estratificado unietápico, definíndose os estratos en función do sector ao que pertencen as cooperativas.
 - Estrato 1: cooperativas do sector da Horta e Flor (máis importantes para este informe).
 - Estrato 2: cooperativas do sector da Gandería.
 - Estrato 3: cooperativas do sector do Viño.
- **Selección da mostra:** dentro de cada estrato, as cooperativas foron seleccionadas con probabilidade proporcional ao seu tamaño, e cunha afixación mínima de 6.
- **Tamaño e marco da mostra:** os últimos datos dispoñibles afirman que o número de cooperativas agroalimentarias rexistradas en Galicia (nos distintos Rexistros Oficiais da Xunta de Galicia) ascende a 191. Agaca asocia ás cooperativas máis representativas en canto a actividade, volume de facturación e persoas socias; a isto, unímoslle a optimización de recursos económicos e humanos do equipo técnico e optamos por coller como referencia as cooperativas socias de Agaca que pertencen aos devanditos sectores. Polo tanto, seleccionamos 47 cooperativas¹.

¹ En Agaca hai 120 cooperativas agroalimentarias asociadas. Os sectores nos que operan son: gandería (lácteo, subministracións, gando en vivo), horticultura, vitivinicultura, apicultura, ovino, cabrún, avicultura, equino, servizos, crédito, ovos e avicultura. Centrámonos no sectores antes mencionados, por ser onde se atopan englobadas a maioría das cooperativas.

Atendendo a esta clasificación, das 47 cooperativas agroalimentarias socias de Agaca, con coñecemento firme de que están activas, nas condicións do estudo, o 14,89% delas sitúanse no estrato 1; o 68,09% no segundo e o 17,02% no terceiro. De acordo coa composición da poboación, 7 cooperativas deberían ser elixidas do sector de horta e flor, 32 deberían ser escollidas do sector gandeiro e, o resto, 8 cooperativas deberían ser do sector do viño.

- Factor de elevación: en termos prácticos, podería dicirse que cada individuo da mostra representaría o mesmo número de suxeitos da poboación.
- Unha vez determinado o tamaño mostral, a selección da mostra realizouse mediante o sample xeración de números aleatorios de R (<http://cran.r-project.org/>), versión 3.0.1, determinándose unha mostra aleatoria simple para cada estrato e independente da xerada para calquera outro estrato. Á súa vez, foi seleccionado para cada un deles unha mostra de substitutas no caso de substitución por non localización ou non resposta.


Para conseguir a información necesaria para a elaboración deste informe, procedeuse a enviar un cuestionario ás cooperativas da mostra. Os datos que achegaron as cooperativas comprobáronse realizando o oportuno contraste coa documentación existente en AGACA e, posteriormente, informatizáronse os datos mediante MS Acces e MS Excel.

3. Estrutura do Informe

O Informe “Coñecendo as cooperativas de hora e de flor” comeza cunha introdución ao obxectivos, metodoloxía e estrutura do propio Informe. Despois divídese en outras dúas partes sobre a análise das cooperativas de horta e flor e a outra parte céntrase na análise das cooperativas agroalimentarias.

Cada unha destas últimas partes analiza as variables de dimensión, composición e facturación das cooperativas. Contén tanto aspectos societarios, labo-

rais, comerciais, económicos, órganos de goberno, formación, etc. Así como un apartado sobre os retos de futuro das cooperativas de horta e flor sobre a comercialización e a internacionalización.



B. Zoom sobre o cooperativismo no sector da horta e da flor

As fórmulas asociativas na agricultura galega teñen unha longa tradición, remontándose algunhas a tempos lonxanos.

O obxectivo deste apartado do presente Informe é dar unha visión da situación actual do movemento cooperativa no sector da horta e da flor en Galicia. Para a realización disto, tomamos unha mostra homoxénea de 7 cooperativas do sector da horta e da flor de diferentes zonas da xeografía galega.

Dimensión das cooperativas de horta e flor 2014/2013			
	2013	2014	Variación (%)
Nº de cooperativas	6	7	16,67%
Promedio nº de persoas socias	49	54	10,20%
Promedio nº de persoas traballadoras	8,5	6,57	-22,71%
Promedio facturación (millóns €)	1,2	1	-16,67%

No ano 2014, estas cooperativas agrupan a unha media de 54 persoas socias que, cunha facturación media de 1 millón de euros, proporcionan un emprego medio de 6,57 persoas traballadoras.

Analizando a evolución das principais magnitudes das cooperativas de horta e flor, durante o 2014, dedúcese o seguinte:

- Incrementaron o número medio de persoas socias nun 10,20%, pero debemos ter en conta que na mostra se contabiliza unha cooperativa máis.
- O número medio de persoas traballadoras reduciuse nun 22,71%, pasando dunha media de 8,5 a 6,57 persoas traballadoras por cooperativa.
- A facturación media tamén se reduciu nun 16,67%, pasando de 1,2 millóns de euros a 1 millón de euros no 2014.

1. A persoa socia

O número de persoas socias dunha cooperativa de Galicia da idea da atomización destas empresas. As cooperativas de horta e flor no ano 2014, incrementan o número de persoas socias respecto aos dous anos anteriores acadando un número medio de 54 persoas socias, en torno a un 10% máis que no ano anterior.



No que respecta ao xénero e a idade das persoas socias, no exercicio 2014, nas cooperativas de horta e flor seguen predominando as cooperativistas mulleres cunha taxa superior ao 69%. Polo tanto, podemos dicir que nas cooperativas de

horta e flor de Galicia predomina o agricultor muller cunha idade comprendida entre 40 e 55 anos, segundo se desprende da seguinte táboa.


Distribución por sexo e idade das persoas socias nas cooperativas da mostra 2013-2014						
	Sexo		Rango de idade			
	Varón	Muller	< 25 anos	25 - 39 anos	40 - 55 anos	> 55 anos
2013	26,53 %	73,47 %	2,17 %	18,67 %	60,49 %	18,67 %
2014	30,96 %	69,04 %	4,58 %	18,57 %	56,14 %	20,71 %

As persoas socias das cooperativas do sector de horta e flor son maioritariamente mulleres (69,04%), aínda que se incrementou de xeito importante a presenza do home nestas cooperativas, en torno a un 14% no exercicio 2014. As persoas mozas representan o 4,58% das persoas socias das cooperativas de horta e flor, o que supón un incremento de máis do 50% respecto a 2013; as persoas socias maiores de 55 anos tamén se incrementaron nun 9,8% representando un 20,71% das persoas socias totais nestas cooperativas.

Se analizásemos os últimos cinco anos para as mulleres socias das cooperativas de horta e flor, observaríamos que este dato apenas variou situándose en todo o período nun intervalo comprendido entre o 68 e o 74%.

O seguinte gráfico mostra a evolución experimentada durante os últimos cinco exercicios polo xénero feminino nas cooperativas de horta e flor.

Evolución das mulleres socias nas cooperativas de horta e flor



Como podemos observar no gráfico, as mulleres teñen unha representación comprendida entre o 72 e o 74% nas cooperativas de horta e flor, agás nos exercicio 2011 e 2014 onde se aprecia un redución importante, situándose no 68,69 e no 69,04% respectivamente.

2. Órganos de goberno

Na estrutura dunha cooperativa podemos distinguir dúas partes: a organización social e a organización empresarial. A organización social fai a unha cooperativa diferente a calquera outra forma de sociedade, xa que busca a participación activa e solidaria de todas as persoas socias da empresa.

Os cargos e órganos da cooperativa teñen competencias e responsabilidades diferenciadas, e deben funcionar coordinadas e establecer as canles axeitadas de información que faciliten o desenvolvemento da xestión, á vez que se busca a integración da persoa socia na cooperativa.

... A Asemblea


Nas sociedades cooperativas de horta e flor, a asistencia media ás Asembleas é do 69,14% do total dos agricultores socios.

Características da Asemblea Xeral - 2013/2014 (valores medios)				
	2013		2014	
	Asemb/Coop	% Asistencia	Asemb/Coop	% Asistencia
Horta - flor	1,33	70,40 %	1,29	69,14 %

Por outra banda, no 2014, observamos que se realizaron menos asembleas que no exercicio anterior, manténdose a porcentaxe de asistencia en torno ao 70%.

No seguinte gráfico mostramos os valores medios de asistencias ás asembleas segundo o xénero das persoas socias das cooperativas de horta e flor.

Promedio de asistencia á Asemblea segundo xénero en cooperativas de horta e flor



Polo que respecta as cooperativas de horta e flor, obsérvase que por termo medio asisten máis mulleres (65%) que homes (35%).

... O Consello Reitor

O Consello Reitor da cooperativa é o órgano de goberno, de xestión e representación, que desenvolve as liñas xerais que marca a Asemblea Xeral.

As persoas socias das cooperativas manteñen unha relación directa coas persoas membros dos Consellos Reitores, o cal fomenta a participación das persoas socias nas actividades. Estas persoas membros do Consello Reitor poden ser elixidos por áreas ou zonas onde se asentan as persoas socias da cooperativa, intentando manter desta forma unha relación que facilite a información directa dos asuntos que lles interesan.

No 2014, as cooperativas de horta e flor teñen unha media de 6 conselleiros, cunha relación de 9 persoas socias por conselleiro e 7 reunións anuais do Consello.


As persoas membros do Consello Reitor nas cooperativas de horta e flor teñen unha media de 48 anos e un 50% son mulleres, unha presenza feminina bastante elevada en comparación con outros sectores.

Características do Consello Reitor nas cooperativas de horta e flor- 2014 (valores medios)					
	Nº Consell./ coop.	% Mulleres	Idade	Nº reunións/ ano	Nº socios/ conselleiro
Horta - flor	6	50 %	48	7	9

Se fixésemos unha comparativa cos datos proporcionados o ano anterior, veríamos que apenas se produciron cambios destas características.

Outra das características do Consello Reitor é o nivel de estudos, na maior parte dos casos as persoas membros do CR posúen estudos básicos (65%), un 30% teñen o bacharelato ou formación profesional (FP) e tan só un 5% teñen estudos universitarios.

Nivel de estudos do Consello Reitor nas cooperativas de horta e flor



No seguinte cadro móstranse os datos da renovación do Consello Reitor para o ano 2014. Podemos observar que o 33% das sociedades renovaron a súa xunta rectora neste exercicio.

Renovación do Consello Reitor - 2014 (valores medios)			
	Coop que Renovan CR	Renovación do CR	
		Total	Parcial
Horta - flor	67%	0%	100%

En canto ao tipo de renovación escollido, as cooperativas de horta e flor renovan parcialmente os cargos no 100% dos casos que levan a cabo renovación do Consello Reitor.

... A Presidencia


A presidencia do Consello Reitor que tamén o é da cooperativa, é a cabeza visible desta e posúe a súa representación legal. Como tal, debe presidir a Asemblea Xeral e asinar a acta da mesma, convocar e asinar as actas de reunións do Consello Reitor, etc..

A persoa que ocupa a presidencia das cooperativas de horta e flor ten, por termo medio, unha idade de 52 anos. No referente á presenza feminina na presidencia destas cooperativas cabe dicir que tan só un 14,29% están ocupadas por mulleres.

Presidencia - 2014 (valores medios)		
	Características	
	Idade	% Mulleres
Horta - flor	52	14,29 %

Polo que respecta ao nivel de estudos, as persoas a cargo da presidencia teñen, fundamentalmente, estudos básicos (46,81%), habendo un 36,17% con bacharelato ou formación profesional e tan só un 17,02% con estudos universitarios

Nivel de estudos da Presidencia nas cooperativas de horta e flor



Se fixésemos unha comparativa co ano 2013, observaríamos que a penas houbo variacións incrementándose a idade media da persoa encargada da presidencia.

... A Xerencia

O desenvolvemento da actividade económica da cooperativa atópase nunha evolución constante e complexa, en consonancia coas demandas das persoas socias. As persoas propietarias, obrigan á xerencia da cooperativa a que poña ao seu alcance todos os recursos dispoñibles para satisfacer as necesidades nas súas explotacións. Esta situación repercute na xestión das sociedades cooperativas, de forma que se observa unha maior tecnificación e cualificación, cunha dirección máis profesionalizada na gran maioría das empresas.


Aínda así, non todas as cooperativas confían na necesidade de contar cun xerente para a administración da sociedade. Así pois, tan só o 42,85% das cooperativas de horta e flor teñen unha persoa para administrar a cooperativa.

No caso das cooperativas de horta e flor que contan con xerencia, a idade media da persoa que ocupa o cargo é de 48 anos e, en ningún caso, a persoa encargada de administrar estas cooperativas é unha muller.

Xerencia - 2014 (valores medios)		
	Características	
	Idade	% Mulleres
Horta - flor	48	0%

Polo que respecta ao nivel de estudos da xerencia das cooperativas de horta e flor, no seguinte gráfico observamos que hai un 33,33% de profesionais con estudos universitarios e o 66,67% restante posúe bacharelato ou formación profesional. O máis destacable é que ningún xerente das cooperativas de horta e flor conta con estudos básicos.

Nivel de estudos da Xerencia nas cooperativas de horta e flor



Polo tanto, no caso da formación das persoas ao cargo da xerencia destas cooperativas ocorre unha situación inversa á que ocorre no caso das persoas ao cargo da presidencia ou dos compoñentes do Consello Reitor.

3. Aspectos laborais

A dimensión dunha cooperativa pódese medir por diversos factores, algúns deles son: o grao de mecanización, a tecnoloxía punta das súas instalacións, número de actividades cooperativizadas, maior ou menor implantación nunha comarca, ...

As actividades produtivas e comerciais de toda empresa precisan dun equipo de persoas traballadoras que, dende diversos ámbitos de actuación, desenvolven as labores de administración, produción e comercialización das materias primas e dos produtos rematados.


No ano 2014, as 7 cooperativas de horta e flor analizadas empregan a un total de 46 persoas traballadoras, o que quere dicir que teñen unha media de 6,57 postos de traballo directos.

Evolución do emprego nas cooperativas de horta e flor - 2013/2014			
	Valores absolutos		Variación interanual (%)
	2013	2014	2013/2014
Nº de cooperativas	6	7	16,67 %
Nº de persoas traballadoras	51	46	-9,80 %
Nº Trab./Coop.	8,5	6,57	-22,71 %

Analizando a evolución do emprego nas cooperativas de horta e flor, observamos que se produciu unha redución do número total de traballadores dun 9,80%, pasando de 51 persoas traballadoras no ano 2013 a 46 no exercicio 2014.

Se observamos o que acontece co emprego medio nos últimos cinco anos, podemos ver como se mantén estable no período 2010-2013 e se produce unha caída importante no ano que estamos a analizar. Durante este período, o emprego medio sufriu unha caída de cerca do 32%.

Evolución do emprego medio nas cooperativas de horta e flor




Polo que respecta a análise do emprego segundo o número de persoas socias, vemos que as cooperativas cun menor número de persoas socias teñen de media a 4,4 persoas traballadoras. As cooperativas cun número de persoas socias comprendido entre 46 e 120 son as que teñen un menor número medio de persoas traballadoras (3) e as cooperativas con máis de 121 persoas socias contan cunha media de 21 persoas traballadoras para desenvolver as súas actividades.

Distribución das persoas traballadoras por cooperativa segundo rango de persoas socias - 2014 (valores medios)								
	0-45 persoas socias		46-120 persoas socias		121-300 persoas socias		>300 persoas socias	
	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.
Horta-flor	22	4,4	3	3	21	21	-	-

Se realizamos unha análise do cadro de persoal das cooperativas de horta e flor en función do xénero, observamos no seguinte gráfico que a porcentaxe de mulleres contratadas supera o 60% fronte ao preto do 40% de homes.

Reparto de persoas traballadoras por xénero nas cooperativas de horta e flor



Por último, relacionado co tipo de contrato de traballo, observamos que das 46 persoas traballadoras de 2014 nas cooperativas de horta e flor, o 69,57% teñen

contrato fixo na sociedade fronte ao 30,43% que se tratan de contratacións temporais.


Tipo de contrato de traballo nas cooperativas de horta e flor - 2014					
	Total persoas traballadoras	Fixos		Temporais	
		Número	%	Número	%
Horta-flor	46	32	69,57 %	14	30,43 %

••• Actividades formativas nas cooperativas de horta e flor

A formación das persoas socias e traballadoras debe ser considerada polas cooperativas como unha necesidade estratéxica, constituíndo ademais un principio cooperativo importante que marca unha das diferenzas entre as sociedades cooperativas e as sociedades mercantís.

Nas cooperativas de horta e flor, sen embargo, houbo unha porcentaxe de formación bastante moderada, debido a que no ano 2014 tan só un 28,57% destas cooperativas realizaron accións formativas para as súas persoas socias ou traballadoras.


Formación nas cooperativas de horta e flor



Preguntando as cooperativas pola realización de cursos de reciclaxe e actualización de coñecementos, destinados tanto a persoas socias como a persoas traballadoras, atopamos que os temas máis tratados son os relacionados con temas sectoriais (74%), seguidos das NTIC's (Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación) e, por último, estarían os relacionados co cooperativismo.


Estes cursos foron impartidos nunha boa parte en colaboración coa *Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA*.

Entidade organizadora da formación nas cooperativas de horta e flor



Grazas ás tecnoloxías da información e mediante o uso de ferramentas multimedia é posible transmitir coñecementos vía telemática, así como establecer canles de comunicación entre o formador e o alumno sen que ambos teñan que coincidir nun mesmo espazo físico e temporal. Neste contexto, internet é unha boa solución para os problemas de formación, posto que propón un medio interactivo, dinámico e universal para encarar os procesos formativos mediante o uso da tecnoloxía que ofrece.

Métodos de impartición nas cooperativas de horta e flor




O gráfico anterior ilustra os métodos de impartición empregados polas cooperativas de horta e flor que levaron a cabo accións formativas no ano 2014. O 25% das cooperativas afirman usar algún dos métodos telemáticos para levar a cabo as accións de formación.

4. Aspectos produtivos

A xestión comercial é un concepto moi amplo que abarca moitos aspectos empresariais: elaboración de presupostos de vendas e gastos, fixación de obxectivos comerciais, definición da política de prezos e das condicións comerciais, seguimento das relacións cos clientes ou o propio marketing. Deste xeito, o responsable ou responsables da xestión comercial teñen nas súas mans unha das partes máis importantes da empresa.

Debemos apuntar que non se pode falar de exclusividade para a toma de decisións relativas á comercialización e ás vendas.


Responsables da Xestión Comercial nas cooperativas de horta e flor



Como podemos observar, nas cooperativas do sector da horta e flor, o responsable da xestión comercial adoita ser o xerente (42,86% dos casos). Por detrás do xerente, e en igual representación (28,57%), adoita ser a asemblea, presidente ou consello reitor ou unha xestión delegada para este tipo de decisións. Ningunha das cooperativas de horta e flor enquisadas no 2014 fan responsable da xestión comercial ao departamento de vendas, a un director comercial ou a intermediarios ou especialistas.

Un aspecto a ter en conta en relación á xestión comercial é o enfoque que se lle da aos produtos que vende a empresa. Unha definición de *marca* pode ser un nome, etiqueta, logotipo ou marca de calquera natureza que serve para relacionar unha mercancía coa sociedade que a produce.

Ferramentas de Marketing nas cooperativas de horta e flor



As cooperativas de horta e flor afirman vender máis do 80% da súa produción baixo marca propia. Tamén cabe sinalar que en torno ao 15% das cooperativas enquisadas de horta e flor realizan accións de promoción e publicidade. Sen embargo, polo lado oposto atopámonos con que ningunha realiza venda por internet ou investigación de mercados, aspectos moi importantes na xestión comercial.

Outro aspecto moi importante é o tipo de cliente das cooperativas de horta e flor enquisadas, que se mostra na seguinte táboa.


	Horta-flor
Autoconsumo socios	3,33 %
Outras cooperativas de 1º grao	0,17 %
Outras cooperativas de 2º grao	33,33 %
Outras industrias transformadoras	0,25 %
Mercas	3,00 %
Almacenistas / Intermediarios	8,83 %
Directa/Distribución organizada	40,83 %
Directa/Tendas tradicionais	9,17 %
Á exportación	0,25 %
Venda directa a terceiros	0,83 %
Outras vías	0,00 %

A maior parte da facturación das cooperativas de horta e flor (40,83%) vai destinada á distribución organizada, que se converte no seu cliente máis importante. O 33,33% da súa produción vai parar a outras cooperativas de segundo grao e en torno ao 9% a almacenistas ou intermediarios ou ás tendas tradicionais.

O autoconsumo polas persoas socias e os mercas apenas representan un 3% da súa clientela. Tamén cabe mencionar que as cooperativas de horta e flor apenas realizan exportacións, xa que estas representan un 0,25%.

No referente ao ámbito de mercado no que traballan as cooperativas de horta e flor, o gráfico que aparece a continuación ilustra cal é o alcance da acción comercial das sociedades no ano 2014.

Tipoloxía de mercados nas cooperativas de horta e flor



As sociedades cooperativas relacionadas coa horta e a flor depositan o seu peso en Galicia: o 56,86% da súa facturación de 2014 procede do mercado autonómico. No mercado estatal teñen unha presenza do 29,36% e a nivel provincial e local están presentes nun 5,71% e nun 7,86%, respectivamente.

Por outra banda, mencionar que no mercado internacional apenas venden produto, so representa a Unión Europea un 0,21% da súa facturación anual.

5. Aspectos económicos

O presente capítulo ten por obxecto realizar unha análise patrimonial, financeira e económica das 7 cooperativas de horta e flor no exercicio 2014.

Coa análise patrimonial investigaremos as relacións entre os investimentos permanentes, necesarios para o desenvolvemento da actividade, e os circulantes, vinculados coa propia actividade; así como a relación entre financiamento propio e financiamento alleo.

Na análise financeira investigaremos os recursos financeiros empregados polas cooperativas, o seu custe e a súa adecuación á estrutura do capital económico ou activo, debido a que cada cooperativa necesita unha estrutura financeira en función da actividade que realice, e debe conseguir que garanta un desenvolvemento estable co menor custe posible.


Por último, para a análise económica analizaremos as rendibilidades, os custes e a produtividade dos factores da cooperativa.

5.1. Análise da estrutura económico financeira

Vamos realizar un estudo da estrutura económica e financeira das cooperativas de horta e flor, analizando a súa capacidade produtiva, as fontes de financiamento, os ingresos obtidos da realización das actividades e os gastos en que incorren para obter ditos ingresos. Analizaranse os balances de 7 cooperativas de horta e flor.


Nos seguintes gráficos obsérvase a estrutura global da capacidade económica e financeira das cooperativas de horta e flor.

Estrutura Económica Horta e Flor



A proporción de activo non corrente é maior que a de activo corrente, aínda que están bastante equiparadas. O activo corrente representa o 49,24% mentres que o activo non corrente ten un peso do 50,76% do total de activo.

Estrutura Financeira Horta e Flor



Polo que respecta á estrutura financeira das cooperativas de horta e flor, observamos que a porcentaxe que representa ao pasivo corrente (43,97%) é superior ao patrimonio neto e ao pasivo non corrente, 38,14% e 17,89% respectivamente.

... Análise da estrutura económica

Para analizar a composición dos investimentos determinouse a importancia dos diferentes bens e dereitos que forman parte do activo da cooperativa sobre o investimento total e, así mesmo, o peso relativo sobre o importe do activo fixo e circulante dos diferentes elementos que compoñen estas masas patrimoniais.

A estrutura económica das cooperativas de horta e flor analizadas no exercicio 2014, alcanza un importe medio 5,93 millóns de euros por cooperativa, dos que o 51,47% corresponde a activo non corrente e o 48,53% a activo corrente.

O activo fixo das cooperativas de horta - flor está constituído na súa maior parte por inmovilizacións materiais (92,84%), séguenlle outros activos fixos (5,39%) e apenas ten importancia as inmovilizacións inmateriais e os investimentos financeiros.

O activo circulante alcanza un importe de preto de 2,88 millóns de euros. As partidas máis importantes son os debedores comerciais que representan un 70,30% seguidos da tesourería (19,62%). Os investimentos financeiros e as existencias teñen un peso moi inferior no activo corrente (4,04 e 6,04%, respectivamente).

	Valor medio (en euros)	% Activo Total	% Composición do Activo Fixo	% Composición do Activo Circulante
Activo Fixo	3.052.867,83	51,47 %	100,00 %	
Material	2.834.370,27	47,79 %	92,84 %	
Inmaterial	3.246,02	0,05 %	0,11 %	
Investim. inmobiliarios	0,00	0,00 %	0,00 %	
Financeiro	50.575,62	0,85 %	1,66 %	
Outros activos fixos	164.675,92	2,78 %	5,39 %	
Activo circulante	2.878.124,77	48,53 %		100,00 %
Existencias	173.785,26	2,93 %		6,04 %
Debedores	2.023.272,99	34,11 %		70,30 %
Investim. financeiros	116.279,57	1,96 %		4,04 %
Tesourería	564.786,95	9,52 %		19,62 %
TOTAL ACTIVO	5.930.992,60	100,00 %		

As inmovilizacións materiais é a partida máis importante do activo fixo e supoñen 47,79% da estrutura económica das cooperativas de horta e flor analizadas. Pola contra, as inmovilizacións inmateriais teñen unha escasa importancia sobre o total do activo (0,05%). O resto de partidas que compoñen o activo fixo teñen escaso peso sobre a estrutura económica.

Polo que respecta á composición do activo circulante, obsérvase que os debedores comerciais representa a principal partida deste activo, alcanzando porcentaxes do 34,11% sobre o activo total.

O importe medio das existencias é de 173.785,26€ que representan un 2,93% do activo total, partida pouco significativa ao igual que acontece cos investimentos financeiros. Pola súa parte, a tesourería representa un 9,52% do total de activo e alcanza un valor medio de algo máis de 0,5 millóns de euros.

... **Análise da estrutura financeira**

A lexislación das cooperativas regula os seus fondos propios e, ademais, a estrutura do balance está regulada polo Plan Contable de Cooperativas. Estas circunstancias fan que a estrutura financeira das cooperativas teña características especiais e sexa diferente á das empresas capitalistas. Porén, estas diferenzas non son un impedimento para poder posuír unha estrutura financeira adecuada.

A estrutura financeira das cooperativas de horta – flor está constituída nun 38,67% por recursos propios e nun 61,33% por recursos alleos.

Polo tanto, no financiamento da cooperativa de horta – flor predominan os recursos alleos, fundamentalmente aqueles con prazo de vencemento inferior a un ano ou no curto prazo, que representan un 43,10% dos recursos totais. Por outra banda, as débedas a máis longo prazo alcanzan unha importancia relativa do 18,24% e o restante 38,67% do financiamento corresponde a patrimonio neto.

	Valor Medio (en euros)	% Pasivo Total	% Composición do Patrimonio Neto
Patrimonio Neto	2.293.446,59	38,67 %	100,00 %
Capital desembolsado	1.302.153,84	21,96 %	56,78 %
Reservas	1.135.988,54	19,15 %	49,53 %
Resultados exercicios anteriores	-521.611,48	-8,79 %	-22,74 %
Resultados do exercicio	-66.125,34	-1,11 %	-2,88 %
Axustes ao valor razoable	0,00	0,00 %	0,00 %
Subvencións	443.041,03	7,47 %	19,32 %
Recursos alleos no longo prazo	1.081.540,30	18,24 %	
Recursos alleos no curto prazo	2.556.005,72	43,10 %	
TOTAL PATRIMONIO NETO + PASIVO	5.930.992,60	100,00 %	

Na composición do patrimonio neto destaca a importancia do capital desembolsado e das reservas que representan o 21,96 e o 19,15% respectivamente do total de pasivo. Tamén teñen certa importancia as subvencións, doazóns e legados recibidos que supoñen o 7,47% do total de pasivo e o 19,32% do patrimonio neto.

Por outra banda, temos partidas como como axustes ao valor razoable que apenas ten importancia sobre o pasivo total ou sobre o patrimonio neto.

•• Coeficientes de endebedamento

Este ratio indícanos a relación existente entre os recursos alleos e os fondos propios, e dinos cal é a estrutura financeira da cooperativa. Canto maior sexa este ratio, maior é o risco para o acredor. É un ratio a ter en conta para conseguir financiamento alleo e, cando o seu valor é superior á unidade, dificulta en gran medida obter este tipo de financiamento.

Para o cálculo do coeficiente de endebedamento utilizamos a seguinte fórmula:

$$\text{Coeficiente de endebedamento} = \text{Pasivo} / \text{Patrimonio Neto}$$

A importancia do endebedamento avalíase no seguinte cadro, onde os valores calculados sobre os importes agregados da clase se acompañan da distribución en cuartís.

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Endebedamento	1,02	-2,23	1,20	1,44	1,65	2,24
Endebedamento a l/p	0,32	-0,06	0,09	0,42	0,52	0,69
Endebedamento a c/p	0,70	-2,16	0,80	1,04	1,30	1,82


A media do coeficiente de endebedamento é de 1,02, polo que a maioría das cooperativas obteñen valores para este ratio dentro do intervalo (1-2). Isto indícanos que, polo momento, a súa estrutura financeira é a axeitada para conseguir os seus obxectivos xa que o activo é suficiente para o pagamento das débedas.

O coeficiente de endebedamento a longo prazo defínenos claramente cal é a estrutura financeira a longo prazo da cooperativa. Neste caso, o ratio sitúase en 0,32, valor que confirma a seguridade do acredor pero que pode influír negativamente nas rendibilidades.

Por último, o coeficiente de endebedamento a curto prazo indica a relación entre as débedas a curto prazo e o financiamento propio. Observamos un valor para este ratio de 0,70, valor que podemos considerar axeitado.

Tamén pode resultar interesante observar a evolución dos valores medios deste ratios de endebedamento.

Evolución do endebedamento das cooperativas de horta e flor (2010 - 2014)



Observamos que o coeficiente de endebedamento a curto prazo e o coeficiente de endebedamento teñen un comportamento bastante parello, pola contra o coeficiente de endebedamento a longo prazo presenta uns valores bastante inferiores pero que se manteñen estables ao longo do período.

••• **Análise das relacións entre a estrutura económica e a financeira**

Neste apartado imos analizar as relacións entre as partidas da estrutura económica e a estrutura financeira das cooperativas de horta e flor mediante os seguintes ratios:

$$\text{Liquidez xeral} = \text{Activo corrente} / \text{Pasivo corrente}$$

A liquidez é a capacidade potencial que ten a empresa para pagar as súas débedas. Se o valor do ratio é maior que un, entón o activo corrente supera ao pasivo corrente e a cooperativa non tería problemas para pagar as débedas a curto prazo; pola contra, se é menor que un, o activo corrente é menor que o pasivo

corrente e en xeral podería ter dificultades para pagar as débedas a curto prazo; se o valor é demasiado alto pode influír negativamente na rendibilidade.

Fondo de manobra en tanto por un do activo corrente = (Recursos permanentes – Activo non corrente) / Activo corrente

O fondo de manobra é a parte do activo corrente que non se financia con pasivo corrente, senón con recursos a longo prazo procedentes do patrimonio neto e do pasivo non corrente. Un fondo de manobra negativo implica un desequilibrio financeiro, se ben pódense dar situacións onde un valor negativo sexa o adecuado porque os cobros se fan ao contado e os pagamentos a prazo.

Liquidez inmediata = (Activo corrente – “stocks”) / Pasivo corrente

Mide a capacidade da sociedade para facer fronte ás débedas a curto prazo mediante os recursos a curto prazo, excluindo as existencias que constitúen a parte menos líquida. O seu valor ideal pódese considerar 1, se as cooperativas se atopan por debaixo atópanse en perigo de suspensión de pagos e se é maior teñen recursos circulantes ociosos, diminuindo a rendibilidade.

Coefficiente de garantía = Activo / Pasivo

Indícanos a garantía que ofrecen as cooperativas fronte ao financiamento alleo total, é dicir, establece as unidade monetarias de investimento con que conta a cooperativa, materializados en activos con valor de realización para responder a unha unidade monetaria de financiamento alleo, medindo a garantía que a cooperativa ofrece aos seus acredores.

No cadro que se mostra a continuación expoñemos os valores para estes ratios.


	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Liquidez xeral	1,02	0,48	0,78	1,06	1,31	1,43
Fondo de manobra	-0,13	-1,09	-0,33	0,05	0,24	0,30
Liquidez inmediata	0,95	0,40	0,68	0,95	1,28	1,36
Coefficiente de garantía	1,51	0,55	1,51	1,63	1,76	1,84

Como podemos observar, a media das cooperativas de horta e flor obtén un ratio de liquidez xeral de 1,02. Este valor é superior a 1 e, polo tanto, as cooperativas non teñen problemas para pagar as débedas a curto prazo xa que o activo corrente supera ao pasivo corrente.

Polo que respecta á liquidez inmediata, obtén un valor medio de 0,95 e aínda que é inferior a 1 está moi preto polo que se pode considerar un valor axeitado. Aínda que as cooperativas deben ter coidado posto que se diminúe máis poderían verse en perigo de suspensión de pagos.

No referente ao fondo de manobra, observamos un valor medio negativo de -0,13 o que nos indica un desequilibrio financeiro, aínda que podería ser debido a que fan os cobros ao contado e os pagos a prazo.

Evolución da capacidade de pagamento nas cooperativas de horta e flor (2010 - 2014)



A liquidez xeral e a liquidez inmediata no período 2010-2014 mostran unha evolución semellante. Dende o 2012 prodúcese unha redución considerable. Os seus valores medios poden considerarse razoables.

O fondo de manobra mantense en valores que oscilan entre -0,13 e 0,13 no período 2010-2014.

O coeficiente de garantía obtén valores comprendidos entre 1 e 2 en todo este período, pero dende o ano 2012 mostra unha tendencia á baixa.

5.2. Análise da conta de resultados

As cooperativas teñen un obxectivo diferente ao do resto de empresas, sobre todo das empresas capitalistas que buscan obter a máxima rendibilidade financeira para deste xeito maximizar o seu valor; nas cooperativas o obxectivo é a mellora socioeconómica das persoas socias mediante o incremento da renda dispoñible e da procura dunha mellor calidade de vida. Este obxectivo finánciase mediante a marxe sobre os produtos que compran e venden e a prestación de servizos, tendo en conta que nas cooperativas se dá a circunstancia de que as persoas socias son, en moitos casos, provedores e clientes e, polo tanto, as marxes que se aplican nas operacións son decididas por eles mesmos.

As cooperativas de horta e flor no exercicio 2014 teñen un excedente en valores medios de 19.652,26 € que representa un 0,38% do valor da produción.

Se consideramos que o obxectivo das cooperativas non é maximizar os beneficios, este valor pódenos orientar polo que respecta a cuestións puntuais, principalmente de gastos.

Recóllese, a continuación, a análise da xeración de resultados nas cooperativas de horta - flor realizada a partir da consideración dos valores medios dos diferentes conceptos de ingresos, gastos e marxes incluídos na conta de resultados.

	Valor Medio (en euros)	% Ingresos de explotación
Ingresos de explotación	5.110.846,57	100,00 %
Importe neto da cifra de negocios	5.054.260,00	98,89 %
Consumos de explotación	-4.330.762,40	-84,74 %
Outros gastos de explotación	-342.487,90	-6,70 %
Valor engadido	437.596,27	8,56 %
Gastos de persoal	-290.126,97	-5,68 %
Dotacións para amortización de inmovilizado	-80.301,12	-1,57 %
Outros resultados	483,69	0,01 %
Resultado de explotación	52.325,45	1,02 %
Ingresos financeiros	5.927,98	0,12 %
Gastos financeiros	-25.249,35	-0,49 %
Resultado financeiro	-21.107,88	-0,41 %
Resultado antes de impostos	31.217,57	0,61 %
Imposto sobre sociedades	-11.565,30	-0,23 %
Resultado do exercicio	19.652,26	0,38 %

Os ingresos de explotación medios son de 5.110.846,57 €. No que se refire á composición destes ingresos, o importe da cifra de negocios (ingresos procedentes da actividade principal da cooperativa) constitúen a súa fonte principal e representan o 98,89% destes. Un pequeno resto (1,11%), polo tanto, representa a porcentaxe dos ingresos da cooperativa media que proceden das actividades secundarias, de axudas ou subvencións á explotación ou de ingresos procedentes da entrega de bens ou da prestación de servizos non relacionados coa actividade normal da cooperativa ás súas persoas socias.

Nos gastos de explotación, as compras netas representan o 84,74% que sinala o predominio das actividades puramente comerciais; fronte ao 6,70% que representan os outros gastos de explotación.

O valor engadido medio resultante da diferenza entre os ingresos de explotación e os gastos derivados do consumo de bens e servizos adquiridos alcanza a

cifra de 437.596,27 €, que representa un 8,56% dos ingresos da cooperativa. Na interpretación deste reducido peso débese ter en conta que o obxectivo prioritario da cooperativa non é a maximización do valor creado, senón a satisfacción das necesidades das persoas socias, o que trae consigo a realización das operacións de venda ou prestación de servizos a prezos inferiores aos de mercado.

Cun valor medio de 290.126,97 €, os gastos de persoal representan un peso relativo do 5,68% dos ingresos de explotación.

Polo que respecta as dotacións para amortización de inmovilizado, observamos que estas representan un 1,57% dos ingresos de explotación, unha porcentaxe reducida que se xustifica coa escasa contía dos investimentos en inmovilizado.

Para determinar o resultado de explotación tamén se consideran as ganancias e as perdas derivadas de operacións de venda dos inmovilizados, as subvencións traspasadas ao resultado do exercicio e outros ingresos e gastos de natureza allea á actividade da cooperativa. Os importes correspondentes a estes conceptos figuran recollidos baixo o epígrafe “Outros resultados”, cuxo peso relativo (0,01%) apenas ten significación para a cooperativa media.

O resultado de explotación, unha vez considerados os ingresos e gastos anteriormente citados, alcanza un valor medio de 52.325,45 €.

No referente ao gastos financeiros, dicir que o valor medio ascende a -25.249,35 € e teñen un peso relativo sobre os ingresos de explotación do 0,49%. Estes gastos non son compensados polos ingresos financeiros da cooperativa media, polo tanto, o resultado financeiro é negativo.

Desta forma, obtemos un resultado xerado pola actividade ordinaria, suma dos resultados de explotación e financeiro, de 31.217,57 €. Resultante bastante alentador, xa que as cooperativas dispoñen dun excedente para incrementar o seu autofinanciamento ou contribuír a fins vinculados coa dotación do fondo de educación e de promoción.

•• Análise das relacións entre a conta de resultados e o balance

Neste apartado imos analizar dous grupos de ratios: ratios do punto morto e ratios de rendibilidade. No relativo aos ratios do punto morto vanse analizar o ratio de absorción de custes fixos, o ratio de eficiencia comercial, o índice de seguridade de custes variables e o índice de seguridade de custes fixos. Polo que respecta aos ratios de rendibilidade analizaremos a rendibilidade económica, a marxe comercial, a rendibilidade financeira e a rotación de activos.

Índice de absorción de custes fixos = Punto morto / Ventas

O índice de absorción de custes fixos expresa a porcentaxe de vendas necesarias para cubrir os custes fixos. Canto menor sexa este ratio, maior será a rendibilidade da empresa.

Eficiencia comercial = (Ventas – Punto morto) / Ventas

O índice de eficiencia comercial expresa a porcentaxe de vendas que podería ser reducida sen entrar en perdas a cooperativa.

Índice de seguridade de custes variables = Beneficios da explotación / Custes variables da explotación

O índice de seguridade de custes variables expresa a porcentaxe máxima na que poderían incrementarse os custes variables sen entrar en perdas.

Índice de seguridade de custes fixos = Beneficios da explotación / Custes fixos da explotación

O índice de seguridade de custes fixos expresa a porcentaxe máxima na que poderían incrementarse os custes fixos sen entrar en perdas.

Rendibilidade económica = BAIT / Activo

A rendibilidade económica expresa a eficacia da cooperativa considerada como unha unidade económica con capacidade para xerar un resultado con independencia da estrutura financeira que adopte.

Marxe comercial = BAIT / Ventas

A marxe comercial mide o beneficio obtido por cada unidade monetaria vendida, sendo o resultado entre o prazo de venda e o prazo de compra, expresado en termos de porcentaxe sobre vendas.

Rotación de activos = Ventas / Activo

A rotación do activo mide o número de veces que se recupera o activo vía vendas ou, expresado doutro xeito, o número de unidades monetarias vendidas por cada unidade monetaria investida.

Rendibilidade financeira = BDT / Recursos propios

A rendibilidade financeira indica a taxa con que a cooperativa remunera as achegas realizadas polas persoas socias.

••• Ratios do punto morto

As cooperativas de horta e de flor presentan un índice de absorción negativo de -0,03. Isto pode ser debido a que algunha das cooperativas analizadas traballou cunha marxe comercial unitaria sobre custes variables negativa.


No que respecta ao índice de eficiencia comercial obtén un valor de 1,03 o que indica que as vendas se poderían reducir sen incurrir en perdas.

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Índice de absorción	-0,03	-6,31	0,41	1,00	1,22	1,85
Índice de eficiencia comercial	1,03	-0,85	-0,22	0,00	0,59	7,31
Índice de seguridade de c.v.	0,01	-0,09	-0,02	-0,01	0,02	0,13
Índice de seguridade de c.f.	0,63	-1,16	-0,33	-0,09	0,31	5,73

O índice de seguridade de custes variables é igual a 0,01 na media das cooperativas de horta e flor. Isto indica que os custes variables apenas poden incrementarse sen que as cooperativas entren en perdas. Pola súa banda, o índice de seguridade de custes fixos obtén un valor de 0,63, que é un valor razoable e que mostra unha lixeira mellora respecto a anos anteriores.

No seguinte gráfico podemos observar a evolución nos últimos cinco exercicios dos ratios do punto morto para as cooperativas de horta e de flor.

Evolución ratios do punto morto das cooperativas de horta e flor (2010 - 2014)



Observamos que o índice de absorción comeza a diminuír no 2012, ano dende o que mostra unha tendencia á baixa. Sen embargo, o índice de eficiencia comercial presenta unha tendencia a alza dende o exercicio 2011. Estes dous ratios mostran unha evolución inversa.

O índice de seguridade de custes variables mantense nun intervalo de valores moi próximos durante todo o período 2010 – 2014. Pola súa banda, o índice de seguridade de custes fixos foi incrementando o seu valor ao longo do período, pasando dun valor negativo no exercicio 2010 a un valor positivo de 0,63 no ano 2014.

... Ratios de rendibilidades

O carácter secundario do obxectivo de maximización do resultado fai que a rendibilidade real das cooperativas sexa mellor medida tomando en consideración parámetros relativos á consecución de melloras económicas para a explotación individual das persoas socias ou para a súa calidade de vida, que a través da comparación dos excedentes da propia cooperativa cos recursos por ela utilizados. É por isto que facemos unha media dos ratios dos principais indicadores de rendibilidade e a súa distribución en cuartís, por considerar que puideran ter utilidade para a realización de análises comparativas temporais.

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Rendibilidade económica	-0,04	-0,34	-0,02	-0,01	0,03	0,08
Marxen comercial	0,00	-0,09	-0,02	-0,01	0,02	0,12
Rotación de activos	1,54	0,73	1,04	1,29	1,40	3,88
Rendibilidade financeira	0,03	-0,14	-0,09	0,00	0,06	0,42


A rendibilidade económica ou dos activos totais das cooperativas de horta e de flor alcanza un valor medio negativo de -0,04. Polo que respecta á marxe comercial, observamos que o valor medio é igual a 0, polo que a marxe é moi axustada e pode producir situacións delicadas. Pola súa banda, a rotación de activos presenta un valor medio de 1,54.

En xeral, poderíamos dicir que estes valores indican que os ingresos das cooperativas de horta e de flor se incrementaron en menor proporción que os investimentos, tanto en fixo como en circulante.

A rendibilidade financeira ou dos recursos achegados polas persoas socias, calculada a partir do excedente final da cooperativa, é moi reducida en valor medio (0,03).

No seguinte gráfico ilustramos os valores da evolución das medias dos ratios de rendibilidade para o período 2010 – 2014.

Evolución ratios do punto morto das cooperativas de horta e flor (2010 - 2014)



Podemos observar como no período 2010 – 2014 tanto a rendibilidade económica como a marxe comercial se manteñen bastante constantes e con valores moi similares.

Polo que respecta a rendibilidade financeira; prodúcese unha redución dos dous primeiros exercicios chegando a seu valor máis baixo no ano 2012 onde comeza outra vez a cambiar a tendencia. Actualmente volve ter unha tendencia a ir diminuíndo.

A media da rotación de activos alcanza valores moi superiores aos demais ratios en todos os exercicios do período, apreciándose unha tendencia á alza ata o ano 2013 onde se produce un cambio e comeza a observarse unha tendencia á baixa.

5.3. Anexos

ANEXO I: Balance agregado das cooperativas de horta e flor (€)

ACTIVO	EXERCICIO 2013		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) ACTIVO NON CORRENTE	2.547.575,86	424.595,98	50,69 %
I. Inmobilizado intanxible	819.500,34	136.583,39	16,30 %
II. Inmobilizado material	1.560.991,31	260.165,22	31,06 %
III. Investimentos inmobiliarios	0,00	0,00	0,00 %
IV. Investimentos a l/p en empresas do grupo, asociadas e socios	26.402,70	4.400,45	0,53 %
V. Investimentos financeiros a l/p	21.063,34	3.510,56	0,42 %
VI. Activos por imposto diferido	119.618,17	19.936,36	2,38 %
B) ACTIVO CORRENTE	2.478.663,96	413.110,66	49,31 %
I. Activos non correntes mantidos para a venda	66.179,01	11.029,84	1,32 %
II. Existencias	122.164,51	20.360,75	2,43 %
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	1.564.784,59	260.797,43	31,13 %
IV. Investimentos a c/p en empresas do grupo, asociadas e socios	0,00	0,00	0,00 %
V. Investimentos financeiros a c/p	150.221,59	25.036,93	2,99 %
VI. Periodificación a c/p	30,14	5,02	0,00 %
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	575.284,12	95.880,69	11,45 %
TOTAL ACTIVO (A+B)	5.026.239,82	837.706,64	100,00 %

ACTIVO	EXERCICIO 2014		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) ACTIVO NON CORRENTE	3.227.901,27	461.128,75	50,76 %
I. Inmobiliado intanxible	3.246,02	463,72	0,05 %
II. Inmobiliado material	2.993.492,31	427.641,76	47,07 %
III. Investimentos inmobiliarios	0,00	0,00	0,00 %
IV. Investimentos a l/p en empresas do grupo, asociadas e socios	25.824,24	3.689,18	0,41 %
V. Investimentos financeiros a l/p	37.873,21	5.410,46	0,60 %
VI. Activos por imposto diferido	167.465,49	23.923,64	2,63 %
B) ACTIVO CORRENTE	3.131.641,81	447.377,40	49,24 %
I. Activos non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
II. Existencias	198.332,03	28.333,15	3,12 %
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	2.244.464,96	320.637,85	35,29 %
IV. Investimentos a c/p en empresas do grupo, asociadas e socios	0,00	0,00	0,00 %
V. Investimentos financeiros a c/p	116.856,83	16.693,83	1,84 %
VI. Periodificación a c/p	0,12	0,02	0,00 %
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	571.987,87	81.712,55	8,99 %
TOTAL ACTIVO (A+B)	6.359.543,08	908.506,15	100,00 %

PASIVO	EXERCICIO 2013		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) PATRIMONIO NETO	2.170.245,16	361.707,53	43,18 %
A-1) Fondos Propios	1.858.746,40	309.791,07	36,98 %
I. Capital	917.647,31	152.941,22	18,26 %
II. Reservas	848.211,59	141.368,60	16,88 %
III. Resultados de exercicios anteriores	16.473,93	2.745,66	0,33 %
IV. Outras achegas de socios	896,92	149,49	0,02 %
V. Excedente da cooperativa (positivo ou negativo)	75.516,65	12.586,11	1,50 %
VI. (Remun ó cap a cta e Ret coop á cta entrgrds no exer)	0,00	0,00	0,00 %
VII. Fondos capitalizados	0,00	0,00	0,00 %
VIII. Outros instrumentos de patrimonio neto	0,00	0,00	0,00 %
A-2) Axustes por cambios de valor	0,00	0,00	0,00 %
I. Activos financeiros dispoñibles para a venda	0,00	0,00	0,00 %
II. Operacións de cobertura	0,00	0,00	0,00 %
III. Outros	0,00	0,00	0,00 %
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	311.498,76	51.916,46	6,20 %
B) PASIVO NON CORRENTE	629.615,30	104.935,88	12,53 %
I. Fondo de Educación, formación e promoción a l/p	0,00	0,00	0,00 %
II. Débedas con especiais características a l/p	19.978,66	3.329,78	0,40 %
III. Provisións a longo prazo	0,00	0,00	0,00 %
IV. Débedas a longo prazo	574.635,49	95.772,58	11,43 %
V. Débedas a l/p con empresas do grupo, asociadas e socios	0,00	0,00	0,00 %
VI. Pasivos por imposto diferido	35.001,15	5.833,53	0,70 %
VII. Periodificacións a l/p	0,00	0,00	0,00 %
C) PASIVO CORRENTE	2.226.379,36	371.063,23	44,30 %
I. Fondo de educación, formación e promoción a c/p	4.123,85	687,31	0,08 %
II. Débedas con especiais características a c/p	0,00	0,00	0,00 %
III. Pasivos vinc con act. non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
IV. Provisións a c/p	0,00	0,00	0,00 %
V. Débedas a c/p	874.335,42	145.722,57	17,40 %
VI. Débedas a curto prazo con empresas do grupo, asociadas e socios	0,00	0,00	0,00 %
VII. Acredores comerciais e outras contas a pagar	1.347.920,09	224.653,35	26,82 %
VIII. Periodificacións a c/p	0,00	0,00	0,00 %
TOTAL PASIVO (A+B+C)	5.026.239,82	837.706,64	100,00 %

EXERCICIO 2014			
PASIVO	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) PATRIMONIO NETO	2.425.552,52	346.507,50	38,14 %
A-1) Fondos Propios	1.943.581,58	277.654,51	30,56 %
I. Capital	1.346.759,53	192.394,22	21,18 %
II. Reservas	1.135.988,54	162.284,08	17,86 %
III. Resultados de exercicios anteriores	-467.429,06	-66.775,58	-7,35 %
IV. Outras achegas de socios	896,92	128,13	0,01 %
V. Excedente da cooperativa (positivo ou negativo)	-72.634,35	-10.376,34	-1,14 %
VI. (Remun ó cap a cta e Ret coop á cta entrgrds no exer)	0,00	0,00	0,00 %
VII. Fondos capitalizados	0,00	0,00	0,00 %
VIII. Outros instrumentos de patrimonio neto	0,00	0,00	0,00 %
A-2) Axustes por cambios de valor	0,00	0,00	0,00 %
I. Activos financeiros dispoñibles para a venda	0,00	0,00	0,00 %
II. Operacións de cobertura	0,00	0,00	0,00 %
III. Outros	0,00	0,00	0,00 %
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	481.970,94	68.852,99	7,58 %
B) PASIVO NON CORRENTE	1.137.755,05	162.536,44	17,89 %
I. Fondo de Educación, formación e promoción a l/p	0,00	0,00	0,00 %
II. Débedas con especiais características a l/p	15.687,45	2.241,06	0,25 %
III. Provisións a longo prazo	0,00	0,00	0,00 %
IV. Débedas a longo prazo	1.027.251,70	146.750,24	16,15 %
V. Débedas a l/p con empresas do grupo, asociadas e socios	3.485,80	497,97	0,05 %
VI. Pasivos por imposto diferido	30.224,06	4.317,72	0,48 %
VII. Periodificacións a l/p	61.106,04	8.729,43	0,96 %
C) PASIVO CORRENTE	2.796.235,51	399.462,22	43,97 %
I. Fondo de educación, formación e promoción a c/p	0,00	0,00	0,00 %
II. Débedas con especiais características a c/p	0,00	0,00	0,00 %
III. Pasivos vinc con act. non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
IV. Provisións a c/p	0,00	0,00	0,00 %
V. Débedas a c/p	411.904,20	58.843,46	6,48 %
VI. Débedas a curto prazo con empresas do grupo, asociadas e socios	0,00	0,00	0,00 %
VII. Acredores comerciais e outras contas a pagar	2.384.331,31	340.618,76	37,49 %
VIII. Periodificacións a c/p	0,00	0,00	0,00 %
TOTAL PASIVO (A+B+C)	6.359.543,08	908.506,15	100,00 %

ANEXO II: Conta de resultados agregada das cooperativas de horta e flor (€)

(DEBE)/HABER	EXERCICIO 2013		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) OPERACIÓN CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	7.007.997,65	1.167.999,61	100,00 %
2. Variación de existencias de PT e en curso de fabricación **	-1.116,00	-186,00	-0,02 %
3. Traballos realizados pola cooperativa para o seu activo	0,00	0,00	0,00 %
4. Aprovisionamentos*	-5.182.892,77	-863.815,46	-73,96 %
5. Outros ingresos de explotación	52.762,66	8.793,78	0,75 %
6. Gastos de persoal*	-1.092.335,33	-182.055,89	-15,59 %
7. Outros gastos de explotación*	-549.372,50	-91.562,08	-7,84 %
8. Amortización do inmovilizado*	-183.661,64	-30.610,27	-2,62 %
9. Imputación de subvencións de inmov. non financeiro e outras	59.435,15	9.905,86	0,85 %
10. Excesos de provisións	0,00	0,00	0,00 %
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado**	36.241,44	6.040,24	0,52 %
12. Fondo de Educación, Formación e Promoción	-4.123,85	-687,31	-0,06 %
12. bis Outros resultados **	8.782,88	1.463,81	0,13 %
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	151.717,69	25.286,28	2,16 %
13. Ingresos financeiros	3.750,72	625,12	0,05 %
14. Gastos financeiros*	-57.025,23	-9.504,21	-0,81 %
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**	-1.815,25	-302,54	-0,03 %
16. Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00 %
17. Deterioro e rtdo. por alleamentos de instrumentos fros.	0,00	0,00	0,00 %
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)	-55.089,76	-9.181,63	-0,79 %
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A1+A2)	96.627,93	16.104,66	1,38 %
18. Impuestos sobre beneficios**	-21.111,28	-3.518,55	-0,30 %
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERAC. CONTINUADAS (A3+18)	75.516,65	12.586,11	1,08 %
B) OPERACIÓN INTERROMPIDAS	0,00	0,00	0,00 %
19. Rtdo. do exerc. procedente de operac. interrompidas neto de impptos**	0,00	0,00	0,00 %
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+19)	75.516,65	12.586,11	1,08 %

(DEBE)/HABER	EXERCICIO 2014		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) OPERACIONES CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	7.247.493,59	1.035.356,23	100,00 %
2. Variación de existencias de PT e en curso de fabricación **	-2,25	-0,32	0,00 %
3. Traballos realizados pola cooperativa para o seu activo	0,00	0,00	0,00 %
4. Aproveisionamentos*	-5.268.630,51	-752.661,50	-72,70 %
5. Outros ingresos de explotación	139.402,93	19.914,70	1,92 %
6. Gastos de persoal*	-1.221.711,12	-174.530,16	-16,86 %
7. Outros gastos de explotación*	-644.114,48	-92.016,35	-8,89 %
8. Amortización do inmovilizado*	-207.436,68	-29.633,81	-2,86 %
9. Imputación de subvencións de inmov. non financeiro e outras	57.153,26	8.164,75	0,79 %
10. Excesos de provisións	0,00	0,00	0,00 %
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado**	17.181,61	2.454,52	0,24 %
12. Fondo de Educación, Formación e Promoción	0,00	0,00	0,00 %
12. bis Outros resultados **	2.944,71	420,67	0,04 %
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	122.281,06	17.468,72	1,69 %
13. Ingresos financeiros	3.027,16	432,45	0,04 %
14. Gastos financeiros*	-195.400,62	-27.914,37	-2,70 %
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**	-808,62	-115,52	-0,01 %
16. Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00 %
17. Deterioro e rtdo. por alleamentos de instrumentos fros.	0,00	0,00	0,00 %
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)	-193.182,08	-27.597,44	-2,67 %
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A1+A2)	-70.901,02	-10.128,72	-0,98 %
18. Impostos sobre beneficios**	-1.733,33	-247,62	-0,02 %
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERAC. CONTINUADAS (A3+18)	-72.634,35	-10.376,34	-1,00 %
B) OPERACIONES INTERROMPIDAS	0,00	0,00	0,00 %
19. Rtdo. do exerc. procedente de operac. interrompidas neto de imptos**	0,00	0,00	0,00 %
A,5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+19)	-72.634,35	-10.376,34	-1,00 %

6. Os retos de futuro das cooperativas de horta e flor: comercialización e internacionalización

Neste apartado trataremos de esbozar unhas liñas estratéxicas que se poderían levar a cabo no sector de horta e flor, principalmente relacionadas coa comercialización e internacionalización.

Comezaremos primeiro analizando aspectos básicos deste sector como son as súas debilidades e fortalezas.

... Debilidades da estrutura cooperativa no sector de horta e flor

As cooperativas de horta e flor enquisadas, con carácter xeral, teñen unha dimensión produtiva media das súas explotacións insuficiente e de difícil mecanización e, en moitos casos, non se profesionalizaron nin se conta sempre con instalacións competitivas.

Aínda a día de hoxe resulta complicado fidelizar o compromiso das persoas socias coa estratexia da cooperativa, posto que estas buscan o “prezo” a toda costa e a curto prazo. Outro gran problema é o relacionado co relevo xeracional.

Tamén debemos mencionar que a oferta de gamas de produtos é bastante limitada e está sometida a unha marcada estacionalidade. O acceso ás canles de distribución é, moitas veces, complexo e custoso.

Por último, as marxes neste sector son moi reducidas o que fai inviable a evolución das explotacións ou o seu desenvolvemento empresarial.

•• Fortalezas da estrutura cooperativa no sector de horta e flor

Por regra xeral, as condicións xeoclimáticas son excelentes para a produción de flores e plantas ornamentais en Galicia, así como de certa horticoltura de primeira, moi especializada, de alta calidade e diferenciación. Ademais, a maior parte da produción de horta e flor de Galicia está en mans de cooperativas o que lles concede un elevado e teórico potencial de liderado. Tamén existe unha imaxe do potencial de calidade e diferenciación na produción de Galicia.

Debemos ter en conta, que os equipos técnicos das cooperativas soen estar ben preparados e cualificados.

Na sociedade existe un forte apoio xeneralizado ao consumo de froitas e hortaliças por razóns de saúde e dietética. Isto supón unha gran oportunidade para o sector hortícola galego de base cooperativa.

•• Misións e valores básicos da estrutura cooperativa no sector de horta e flor

Entre as misións ou valores das cooperativas de horta e flor destacan promover e apoiar a diferenciación e a incorporación de valor engadido as súas producións e promover e apoiar proxectos de integración e/ou intercooperación entre cooperativas.

Tamén é moi importante promover e apoiar a internacionalización das cooperativas deste sector.

Outra misión destas cooperativas é a de promover e impulsar iniciativas de diversificación e complementariedade das actividades produtivas das persoas socias coa finalidade de optimizar as rendas das explotacións.

•• Comercialización e internacionalización no sector de horta e flor

De cara a conseguir unha estrutura integradora de produción e comercialización nas cooperativas do sector da horta e flor sería preciso levar a cabo unha serie de actividades. Entre estas actividades destacaría a de deseñar e implantar un plan de redimensionamento da estrutura cooperativa de horta e flor para poder contar cun sistema cooperativo mellor dimensionado, con poucos operadores, moi vertebrado e moi competitivo. Tamén sería moi interesante desenvolver un sistema de Alianzas Estratéxicas para lograr asegurar programas de abastecemento (entre cooperativas galegas, españolas, europeas; incluso coa distribución).

A continuación mostramos as principais producións hortícolas de Galicia:

Hortalizas	Produción (toneladas)
Feixón verde	43.532
Feixón seco	4.075
Pataca	439.818
Col – repolo	60.734
Tomate	93.854
Leituga	19.109
Cebola	43.780

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano: 2013

Tamén é importante coñecer as exportacións que realiza este sector en Galicia, podemos observar algúns datos na seguinte táboa:

	Exportacións a UE27 (miles de euros)	Exportacións totais (miles de euros)
Plantas vivas e produtos de floricultura	6.200,1	6.226,7
Legumes e hortalizas, plantas, raíces e tubérculos	12.537,5	12.791,4
Froitos comestibles	44.367,1	49.260,4

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2013

Como podemos observar na táboa anterior, a maior parte das exportación de Galicia van destinadas a países membros da Unión Europea. No que respecta ás plantas vivas e produtos de floricultura vemos que un 99,57% das súas exportacións van parar a países membros da Unión Europea. As exportacións europeas de legumes, hortalizas, plantas, raíces e tubérculos representan un 98,02% das exportacións totais. Por último, no caso dos froitos comestibles teñen unhas exportación á UE que representan un 90,07% do total das súas exportacións.

Poderíamos dicir que o sector da horta e da flor presentan un mercado europeo á alza, liderado por Alemaña que continúa solicitando produtos de alta calidade.

Por último, é importante para incrementar a venda e internacionalización dos produtos desenvolver e potenciar a imaxe dos produtos de horta e flor de Galicia. Para lograr isto debemos levar a cabo unha serie de actividades, entre as que se atopan:

- Identificación, definición e valoración comercial das características diferenciadoras dos produtos de horta e flor galegos (calidade, orixe, prezo, trazabilidade, medio ambiente, etc.) e dos factores básicos de influencia na comercialización dos mesmos (variedades, prezos, volume, servizo, presentación, etc.).
- Valoración da percepción e notoriedade dos produtos de horta e flor galegos por parte dos consumidores e por parte das canles de distribución.

- Valoración da adaptabilidade dos produtos de horta e flor de base cooperativa ás novas demandas dos consumidores e aos cambios nos seus hábitos de compra e de consumo.
- Valoración das necesidades de innovación e adaptación ao mercado de produtos de horta e flor galegos de base cooperativa.



C. Análise das cooperativas agroalimentarias

As cooperativas agrarias teñen demostrada a súa capacidade para promover o desenvolvemento das áreas nas que se asentan, de maneira sostible e con visión de futuro, favorecendo a redistribución dos recursos e o equilibrio territorial e medioambiental. Para isto, precisan dunha dimensión óptima, que se pode conseguir a través dos procesos de concentración empresarial que se veñen levando a cabo nestes últimos anos. A redución de custes e as economías de escala permiten dar resposta a un mercado que esixe calidade, trazabilidade, seguridade alimentaria e diferenciación dos produtos.

O obxectivo deste apartado do presente Informe é dar unha visión da situación actual do movemento cooperativo en Galicia. Para a realización disto, tomamos unha mostra de 47 cooperativas de diferentes zonas da xeografía galega. Estas 47 cooperativas distribúense en 32 cooperativas de gandería, 7 cooperativas do sector de horta – flor e 8 cooperativas vitivinícolas.

No seguinte cadro podemos observar unha primeira aproximación dos datos máis significativos da mostra:

Dimensión das cooperativas da mostra 2014/2013			
	2013	2014	Variación (%)
Nº de cooperativas	48	47	-2,08 %
Promedio nº de persoas socias	266	241	-9,40 %
Promedio nº de persoas traballadoras	13,15	10,62	-19,24 %
Promedio facturación (millóns €)	5,8	5,7	-1,72 %

No referente ao número de cooperativas, no ano 2014 a mostra conta cunha sociedade menos que no ano anterior.

As cooperativas da mostra localízanse por toda Galicia abarcando todos os sectores de actividade agraria. En 2014, agrupan a unha media de 241 persoas socias que, cunha facturación promedio de 5,7 millóns de euros, proporcionan un emprego medio de 10,62 persoas traballadoras por cooperativa.

Analizando a evolución das principais magnitudes das cooperativas da mostra, durante 2014, dedúcese que:


- Diminuíu o número medio de persoas socias nun 9,40%.
- O emprego medio tamén se reduciu nun 19,24%, pasando dunha media de 13,15 persoas traballadoras por cooperativa a unha media de 10,62 persoas traballadoras.
- A facturación media tamén sufriu unha diminución do 1,72% durante o exercicio 2014.

1. A persoa socia

Neste capítulo tentaremos estudar os aspectos sociais das cooperativas agrarias de Galicia, baseándonos nos datos proporcionados polas 47 cooperativas estudadas, no ano 2014. O obxectivo pretendido é coñecer a persoa socia tipo da cooperativa agraria galega, para que se relacione o número de persoas socias con diversos aspectos sociais, produtivos e contables das cooperativas.

O número de persoas socias dunha cooperativa agraria de Galicia da idea da atomización destas empresas. Nas sociedades cooperativas analizadas no ano 2014, diminúe o número de persoas socias respecto aos dous anos anteriores, alcanzando unha media de 241 persoas socias por cooperativa.

Evolución do número medio de persoas socias das cooperativas da mostra



No referente ao xénero e a idade das persoas socias, no exercicio 2014, nas cooperativas da mostra seguen predominando os cooperativistas varóns cunha taxa próxima ao 52%, aínda que se vai incrementando de xeito importante a presenza da muller nas cooperativas.

Podemos dicir, polo tanto, que nas cooperativas agrarias de Galicia predomina o agricultor/gandeiro varón cunha idade comprendida entre os 40 e os 55 anos.

Distribución por sexo e idade das persoas socias nas cooperativas da mostra 2013-2014


	Sexo		Rango de idade			
	Varón	Muller	< 25 anos	25 - 39 anos	40 - 55 anos	> 55 anos
2013	53,26 %	46,74 %	2,73 %	21,96 %	43,64 %	31,67 %
2014	51,62 %	48,38 %	2,55 %	20,57 %	46,34 %	30,54 %

As persoas socias das cooperativas da mostra son maioritariamente varóns (51,62%), aínda que se incrementou de xeito importante a presenza da muller nestas cooperativas, en torno a un 4% no exercicio 2014. As persoas mozas representan o 2,55% das persoas socias das cooperativas da mostra, o que supón unha diminución de máis do 7% respecto a 2013; as persoas socias maiores de 55

anos tamén diminuíron nun 3,7% representando un 30,54% das persoas socias totais das cooperativas agrarias.

Se analizásemos os últimos cinco anos para as mulleres socias das cooperativas analizadas, observaríamos que este dato apenas variou situándose entre o 46 e o 48,5% en todo o período agás nos exercicios 2010 e 2012 que experimentou diminucións importantes acadando valores do 40 e do 39% respectivamente.

O seguinte gráfico mostra a evolución experimentada durante os últimos cinco exercicios polo xénero feminino nas cooperativas da mostra.



2. Órganos de goberno

Na estrutura dunha cooperativa podemos distinguir dúas partes: a organización social e a organización empresarial. A organización social fai a unha cooperativa diferente a calquera outra forma de sociedade, xa que busca a participación activa e solidaria de todas as persoas socias da empresa.

Os cargos e órganos da cooperativa teñen competencias e responsabilidades diferenciadas, e deben funcionar coordinadas e establecer as canles axeitadas de información que faciliten o desenvolvemento da xestión, á vez que se busca a integración da persoa socia na cooperativa.

... A Asemblea


Nas sociedades cooperativas da mostra, a asistencia media ás Asembleas é dun 51,31% do total dos agricultores e/ou gandeiros socios.

Características da Asemblea Xeral - 2013/2014 (valores medios)				
	2013		2014	
	Asemb/Coop	% Asistencia	Asemb/Coop	% Asistencia
Mostra	1,46	52,01 %	1,34	51,31 %

Respecto ao número de asembleas celebradas, observamos que no 2014 se realizaron menos asembleas que no exercicio anterior, manténdose a porcentaxe de asistencia en torno ao 50%.

No seguinte gráfico mostramos os valores medios de asistencias ás asembleas segundo o xénero das persoas socias das cooperativas analizadas.

Promedio de asistencia á Asemblea segundo xénero nas cooperativas da mostra



No que respecta as cooperativas da mostra, obsérvase que por termo medio asisten máis homes (67,30%) que mulleres (32,70%). Podemos dicir que a presenza de homes e mulleres nas asembleas vaise equiparando moi pouco a pouco.

... O Consello Reitor

O Consello Reitor da sociedade cooperativa é o órgano de goberno, de xestión e representación, que desenvolve as liñas xerais que marca a Asemblea Xeral.

As persoas socias das cooperativas manteñen unha relación moi directa coas persoas membros dos Consellos Reitores, o cal fomenta a participación das persoas socias nas actividades. Estas persoas membros do Consello Reitor poden ser elixidos por áreas ou zonas onde se asentan as persoas socias da cooperativa, intentando manter desta forma unha relación que facilite a información directa dos asuntos que lles interesan.

No 2014, as cooperativas estudadas teñen unha media de 7 conselleiros, cunha relación de 33 persoas socias por conselleiro e 10 reunións anuais do Consello.


As persoas membros do Consello Reitor nas cooperativas da mostra teñen unha media de 50 anos e tan só un 15% son mulleres, unha presenza feminina bastante baixa.

Características do Consello Reitor nas cooperativas da mostra - 2014 (valores medios)					
	Nº Consell./ coop.	% Mulleres	Idade	Nº reunións/ ano	Nº socios/ conselleiro
Mostra	7	15%	50	10	33

Se fixésemos unha comparativa cos datos proporcionados o ano anterior, veríamos que apenas se produciron cambios destas características.

Outra das características do Consello Reitor é o nivel de estudos das persoas membros, na maior parte dos casos as persoas membros do CR posúen estudos básicos (63%), un 27% teñen o bacharelato ou formación profesional (FP) e tan só un 10% teñen estudos universitarios.

Nivel de estudos do Consello Reitor nas cooperativas da mostra



No seguinte cadro móstranse os datos da renovación do Consello Reitor para o ano 2014. Podemos observar que o 33% das sociedades cooperativas analizadas renovaron a súa xunta rectora neste exercicio.

Renovación do Consello Reitor - 2014 (valores medios)			
	Coop que Renovan CR	Renovación do CR	
		Total	Parcial
Mostra	33 %	0 %	100 %

En canto ao tipo de renovación escollido, as cooperativas estudadas renovan parcialmente os cargos no 100% dos casos que levan a cabo renovación do Consello Reitor.

... A Presidencia

A presidencia do Consello Reitor que tamén o é da cooperativa, é a cabeza visible desta e posúe a súa representación legal. Como tal, debe presidir a Asemblea Xeral e asinar a acta da mesma, convocar e asinar as actas de reunións do Consello Reitor, etc..


As/os presidentes das cooperativas teñen, por termo medio, unha idade de 55 anos e soen ser varóns con estudos básicos.

No referente á presenza feminina na presidencia das cooperativas estudadas cabe dicir que tan só un 6,38% están ocupadas por mulleres; valor realmente baixo.

Presidencia - 2014 (valores medios)		
	Características	
	Idade	% Mulleres
Mostra	55	6,38 %

Polo que respecta ao nivel de estudos, as persoas a cargo da presidencia teñen, fundamentalmente, estudos básicos (46,81%), habendo un 36,17% con bacharelato ou formación profesional e tan só un 17,02% con estudos superiores.

Nivel de estudos da Presidencia nas cooperativas da mostra



Se fixésemos unha comparativa co ano 2013, observaríamos que a penas houbo variacións, simplemente se incrementou a idade media da persoa encargada da presidencia.

... A Xerencia

O desenvolvemento da actividade económica da cooperativa atópase nunha evolución constante e complexa, en consonancia coas demandas das persoas socias. As persoas propietarias, obrigan á xerencia da cooperativa a que poña ao seu alcance todos os recursos dispoñibles para satisfacer as súas necesidades nas explotacións. Esta situación repercute na xestión das sociedades cooperativas, de forma que se observa unha maior tecnificación e cualificación, cunha dirección máis profesionalizada na gran maioría das empresas.


Aínda así, non todas as cooperativas confían na necesidade de contar cun xerente para a administración da sociedade. Así pois, tan só un 63,83% das cooperativas analizadas contan cunha persoa para administrar a cooperativa.

As cooperativas da mostra que contan con xerencia, a persoa que ocupa o cargo ten unha idade media de 48 anos e no 23% dos casos a persoa encargada de administrar estas cooperativas é unha muller.

Xerencia - 2014 (valores medios)		
	Características	
	Idade	% Mulleres
Mostra	48	23 %

Polo que respecta ao nivel de estudos da xerencia das cooperativas da mostra, no seguinte gráfico observamos que hai un 66,67% de profesionais con estudos universitarios e o 33,33% restante posúe bacharelato ou formación profesional. O máis destacable é que ningún xerente das cooperativas estudadas conta con estudos básicos.

Nivel de estudos da Xerencia nas cooperativas da mostra



Polo tanto, no caso da formación das persoas ao cargo da xerencia ocorre unha situación inversa á que ocorre no caso das persoas ao cargo da presidencia ou dos compoñentes do Consello Reitor.

3. Aspectos laborais

A dimensión dunha cooperativa agraria pódese medir por diversos factores, algúns deles son: o grao de mecanización, a tecnoloxía punta das súas instalacións, número de actividades cooperativizadas, maior ou menor implantación nunha comarca, ...

As actividades produtivas e comerciais de toda empresa precisan dun equipo de persoas traballadoras que, dende diversos ámbitos de actuación, desenvolven as labores de administración, produción e comercialización das materias primas e dos produtos rematados. Neste apartado tentaremos coñecer as relacións laborais nas cooperativas agrarias de Galicia.


No exercicio 2014, as 47 cooperativas da mostra analizadas empregan a un total de 499 persoas traballadoras, o que quere dicir que teñen unha media de 10,62 postos de traballo directos.

Evolución do emprego nas cooperativas da mostra - 2013/2014			
	Valores absolutos		Variación interanual (%)
	2013	2014	2013/2014
Nº de cooperativas	48	47	-2,08 %
Nº de persoas traballadoras	631	499	-20,92 %
Nº Trab./Coop.	13,15	10,62	-19,24 %

Se analizamos a evolución do emprego nas cooperativas estudadas, observamos que se produciu unha redución do número total de persoas traballadoras dun 20,92%, pasando de 631 persoas traballadoras no ano 2013 a 499 no exercicio 2014.

Se observamos o que acontece co emprego medio nos últimos cinco anos, podemos ver como se produce unha primeira diminución no ano 2011, logo incrementase en 2012 e mantense en valores bastante similares en 2013; finalmente prodúcese unha caída importante no ano que estamos a analizar. Durante este período 2010 - 2014, o emprego medio sufriu unha caída de cerca do 17%.

Evolución do emprego medio nas cooperativas da mostra




Polo que respecta a análise do emprego segundo o número de persoas socias, vemos no seguinte cadro, que as cooperativas cun menor número de persoas socias (de 0 a 45) teñen de media a 3,2 persoas traballadoras; neste intervalo de persoas socias é onde se presenta un menor número medio de persoas traballadoras. As cooperativas cun número de persoas socias comprendido entre 46 e 120 teñen un número medio de persoas traballadoras de 4,6. As cooperativas cun número de persoas socias comprendido entre 121 e 300 contan cunha media de 13,1 persoas traballadoras para desenvolver as súas actividades e, por último, as cooperativas con máis de 300 persoas socias teñen a unha media de 21,3 persoas traballadoras.

Deste xeito, podemos concluír que nas cooperativas analizadas a maior número de persoas socias tamén se presenta un maior número de persoas traballadoras.

Distribución das persoas traballadoras por cooperativa segundo rango de persoas socias - 2014 (valores medios)								
	0-45 persoas socias		46-120 persoas socias		121-300 persoas socias		>300 persoas socias	
	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.	Total	Tb./Coop.
Mostra	41	3,2	50	4,6	131	13,1	277	21,3

Se realizamos unha análise do cadro de persoal das cooperativas da mostra en función do xénero, observamos no seguinte gráfico que a porcentaxe de mulleres contratadas é de cerca do 37% fronte ao algo máis do 63% de homes.

Reparto de persoas traballadoras por xénero nas cooperativas da mostra



Por último, relacionado co tipo de contrato de traballo nas cooperativas da mostra, observamos que das 499 persoas traballadoras do exercicio 2014, o 90,78% teñen contrato fixo na sociedade, é dicir, 453 persoas traballadoras teñen un contrato fixo; fronte ao 9,22% que se tratan de contratacións temporais, é dicir, 46 persoas traballadoras.


Tipo de contrato de traballo nas cooperativas da mostra - 2014					
	Total persoas traballadoras	Fixos		Temporais	
		Número	%	Número	%
Mostra	499	453	90,78 %	46	9,22 %

... Actividades formativas

A formación das persoas socias e traballadoras debe ser considerada polas cooperativas como unha necesidade estratéxica, constituíndo ademais un principio cooperativo importante que marca unha das diferenzas entre as sociedades cooperativas e as sociedades mercantís.

Nas cooperativas da mostra, sen embargo, houbo unha porcentaxe de formación moderada, debido a que no ano 2014 tan só un 40,43% das cooperativas realizaron accións formativas para para as súas persoas socias ou traballadoras.


Formación nas cooperativas da mostra



Preguntando as cooperativas pola realización de cursos de reciclaxe e actualización de coñecementos, destinados tanto a persoas socias como a persoas traballadoras, atopamos que os temas máis tratados son os relacionados con temas sectoriais (74%), seguidos dos relacionados coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (42%) e, por último, estarían os relacionados co cooperativismo.


Estes cursos foron impartidos nunha boa parte en colaboración coa *Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA*.

Entidade organizadora da formación nas cooperativas da mostra



Grazas ás tecnoloxías da información e mediante o uso de ferramentas multimedia é posible transmitir coñecementos vía telemática, así como establecer canles de comunicación entre o formador e o alumno sen que ambos teñan que coincidir nun mesmo espazo físico e temporal. Neste contexto, internet é unha boa solución para os problemas de formación, posto que propón un medio interactivo, dinámico e universal para encarar os procesos formativos mediante o uso da tecnoloxía que ofrece.

Métodos de impartición nas cooperativas da mostra




O gráfico anterior ilustra os métodos de impartición empregados polas cooperativas estudadas que levaron a cabo accións formativas no ano 2014. O 15,79% das cooperativas afirman haber usado algún dos métodos telemáticos para levar a cabo as accións formativas.

4. Aspectos comerciais

A xestión comercial é un concepto moi amplo que abarca moitos aspectos empresariais: elaboración de presupostos de vendas e gastos, fixación de obxectivos comerciais, definición da política de prezos e das condicións comerciais, seguimento das relacións cos clientes ou o propio marketing. Deste xeito, o responsable ou responsables da xestión comercial teñen nas súas mans unha das partes máis importantes da empresa.

Debemos apuntar que non se pode falar de exclusividade para a toma de decisións relativas á comercialización e ás vendas.

Responsables da Xestión Comercial nas cooperativas da mostra



Como se observa no gráfico anterior, nas cooperativas analizadas, o responsable da xestión comercial adoita ser o xerente (57,45% dos casos). Por detrás do xerente adoita ser a asemblea, presidente ou consello reitor o encargado da xestión comercial (25,53%). Tamén ten unha relativa importancia as cooperativas que teñen como responsable da xestión comercial a un director comercial (17,02% dos casos). Ningunha das cooperativas enquisadas no exercicio 2014 fan responsable da xestión comercial a intermediarios, consultores ou especialistas; e a penas un número significativo de cooperativas fan responsable deste cometido ao departamento de vendas ou a unha xestión delegada.

Un aspecto a ter en conta en relación á xestión comercial é o enfoque que se lle da aos produtos que vende a empresa. Unha definición de *marca* pode ser un nome, etiqueta, logotipo ou marca de calquera natureza que serve para relacionar unha mercancía coa sociedade que a produce.

Ferramentas de Marketing nas cooperativas da mostra



As cooperativas estudadas afirman vender m3is do 67% da s3a produci3n baixo marca propia. Tam3n cabe sinalar que en torno ao 35,5% das cooperativas enquisadas realizan acci3ns de promoci3n e publicidade e un 22,58% realiza acci3ns de comunicaci3n corporativas. Sen embargo, polo lado oposto atop3monos con que tan s3o un 18,18% realiza venda por internet e un 12,90% investigaci3n de mercados, aspectos moi importantes na xesti3n comercial.

Na seguinte t3boa mostrase outro aspecto moi importante como 3 o tipo de cliente das cooperativas enquisadas:

	Mostra
Autoconsumo socios	44,83 %
Outras cooperativas de 1º grao	0,62 %
Outras cooperativas de 2º grao	8,31 %
Outras industrias transformadoras	10,56 %
Mercas	0,43 %
Almacenistas / Intermediarios	5,62 %
Directa/Distribuci3n organizada	13,10 %
Directa/Tendas tradicionais	6,60 %
3 exportaci3n	3,51 %
Venda directa a terceiros	6,43 %
Outras v3as	0,00 %


A maior parte da facturación das cooperativas da mostra (44,83%) vai destinada ao autoconsumo polas persoas socias, que se converten no seu cliente máis importante. O 13,10% da súa produción vai parar á distribución organizada e algo máis do 10% a outras industrias transformadoras.

O consumo por cooperativas de segundo grao representan un 8,31% da súa clientela e outras cooperativas de primeiro grao representan o 0,62%.

Cabe mencionar que so se destina un 3,51% da produción á exportación e pouco máis do 6% é por venda directa a terceiros.


No referente ao ámbito de mercado no que traballan as cooperativas estudadas, o gráfico que aparece a continuación ilustra cal é o alcance da acción comercial das sociedades cooperativas no ano 2014.

Tipoloxía de mercados nas cooperativas da mostra



As cooperativas estudadas depositan o seu peso no mercado local; o 50,72% da súa facturación no exercicio 2014 procede do mercado local. No mercado autonómico teñen unha presenza do 26,26% e a nivel estatal están presentes nun 8,90%.

Por outra banda, mencionar que no mercado internacional apenas venden produto, so representa a Unión Europea un 1,86% da súa facturación anual e os países de fóra da Unión Europea representan un 1,36%.



No gráfico anterior podemos observar que os destinos se atopan bastante repartidos. Durante o exercicio 2014, a maior parte das exportacións foron para Alemaña (34,13%) e para outros países da Unión Europea (37,50%).

No que respecta a algúns países europeos como Francia, Italia ou Portugal podemos concluír que non figuran como destinatarios das exportacións das cooperativas agrarias galegas.

Á marxe da Unión Europea, observamos que ten un peso significativo nas exportacións Estados Unidos (13,75%) e o resto do mundo (9,44%), onde se engloban países non comunitarios como Canadá, México, Australia, Filipinas, China ou Latinoamérica. Sen embargo, Xapón apenas ten importancia como destinatario das exportacións das cooperativas agrarias galegas, destínanse a este país o 1,06% das exportacións.

No seguinte gráfico imos analizar as canles máis empregadas nas exportacións, xa que pode axudar a aquelas cooperativas que comecen ou queiran comezar a vender os seus produtos no estranxeiro.



As canles elixidas durante o ano 2014 para as exportacións son, en primeiro lugar, os intermediarios estranxeiros (74,75% dos casos); seguidos das cadeas de distribución estranxeiras (12,75%) e os intermediarios españois que actúan no estranxeiro (12,50%).

No que respecta as demais canles para a internacionalización (a través de outras cooperativas ou mediante delegacións implantadas no exterior) non son empregadas polas cooperativas agrarias galegas nas súas exportacións.

5. Aspectos económicos

O presente capítulo ten por obxecto realizar unha análise patrimonial, financeira e económica das 47 cooperativas da mostra no exercicio 2014.

Coa análise patrimonial investigaremos as relacións entre os investimentos permanentes, necesarios para o desenvolvemento da actividade, e os circulantes, vinculados coa propia actividade; así como a relación entre financiamento propio e financiamento alleo.

Na análise financeira investigaremos os recursos financeiros empregados polas cooperativas, o seu custe e a súa adecuación á estrutura do capital económico ou activo, debido a que cada cooperativa necesita unha estrutura financeira en función da actividade que realice, e debe conseguir que garanta un desenvolvemento estable co menor custe posible.

Por último, para a análise económica analizaremos as rendibilidades, os custes e a produtividade dos factores da cooperativa.

Para realizar esta análise, recollemos datos dos estados contables correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 de 47 cooperativas agrarias, dos que unha vez procesados, obtemos a información necesaria para realizar esta análise.

As cooperativas que nos proporcionaron os seus datos desenvolven a súa actividade no sector agroindustrial, dedicándose unha parte delas á gandería, outras ao viño e outras á horta; ademais de realizar en cada subsector un importante número de actividades. Debido a esta diversificación de actividades, as súas estruturas económicas – financeiras son diferentes para adaptarse ás necesidades de cada unha delas.


Cos datos que nos proporcionaron, elaboramos unha mostra homoxénea para o período 2013 – 2014 e, a partires da mesma, un balance agregado e unha conta de perdas e ganancias agregada para todas as cooperativas.

5.1. Análise da estrutura económico financeira

Vamos realizar un estudo da estrutura económica e financeira das cooperativas enquisadas, analizando a súa capacidade produtiva, as fontes de financiamento, os ingresos obtidos da realización das actividades e os gastos en que incorren para obter ditos ingresos. Analizaranse os balances das 47 cooperativas.


Nos seguintes gráficos obsérvase a estrutura global da capacidade económica e financeira das cooperativas da mostra.

Estrutura Económica Mostra



A proporción de activo corrente é maior que a de activo non corrente. O activo corrente representa o 56,41% mentres que o activo non corrente ten un peso do 43,59% sobre o total de activo.

Estrutura Financeira Mostra



Polo que respecta á estrutura financeira das cooperativas estudadas, observamos que a porcentaxe que representa ao pasivo corrente (42.07%) é superior ao patrimonio neto e ao pasivo non corrente, 35,33% e 22,60% respectivamente.

... Análise da estrutura económica

Para analizar a composición dos investimentos determinouse a importancia dos diferentes bens e dereitos que forman parte do activo da cooperativa sobre o investimento total e, así mesmo, o peso relativo sobre o importe do activo fixo e circulante dos diferentes elementos que compoñen estas masas patrimoniais.

A estrutura económica das cooperativas analizadas no exercicio 2014, alcanza un importe medio de preto de 4,47 millóns de euros por cooperativa, dos que o 43,59% corresponde a activo non corrente e o 56,41% a activo corrente.

O activo fixo das cooperativas da mostra presenta un importe de máis de 1,9 millóns de euros e está constituído na súa maior parte por inmovilizado material (73,09%), séguenlle os investimentos financeiros (23,68%) e a penas ten significación o inmovilizado intanxible, os investimentos inmobiliarios e outros activos fixos.

O activo circulante alcanza un importe de máis de 2,5 millóns de euros. As partidas máis importantes dentro deste epígrafe son: os debedores comerciais que representan un 47,43% seguidos das existencias (40,87%). Por outra banda, os investimentos financeiros e a tesourería teñen un peso moi inferior no activo corrente, 4,60 e 7,11%, respectivamente.

	Valor medio (en euros)	% Activo Total	% Composición do Activo Fixo	% Composición do Activo Circulante
Activo Fixo	1.947.163,43	43,59 %	100,00 %	
Material	1.423.217,65	31,86 %	73,09 %	
Inmaterial	22.966,65	0,51 %	1,18 %	
Investim. inmobiliarios	316,08	0,01 %	0,02 %	
Financeiro	461.092,57	10,32 %	23,68 %	
Outros activos fixos	39.570,49	0,89 %	2,03 %	
Activo circulante	2.519.380,35	56,41 %		100,00 %
Existencias	1.029.624,08	23,05 %		40,87 %
Debedores	1.194.826,08	26,75 %		47,43 %
Investim. financeiros	115.853,78	2,59 %		4,60 %
Tesourería	179.076,39	4,01 %		7,11 %
TOTAL ACTIVO	4.466.543,78	100,00 %		

As inmovilizacións materiais supón a partida máis importante do activo fixo e representan o 31,86% da estrutura económica das cooperativas analizadas. Pola contra, as inmovilizacións inmateriais teñen unha escasa importancia sobre o total do activo (0,51%). Outra partida importante sobre o activo total dentro do activo fixo son os investimentos financeiros a longo prazo que supoñen o 10,32% da estrutura económica. O resto de partidas que compoñen o activo fixo teñen escaso peso sobre a estrutura económica.

Polo que respecta á composición do activo circulante, obsérvase que os debedores comerciais representa a principal partida deste activo, alcanzando porcentaxes do 26,75% sobre o total de activo.

O importe medio das existencias é de 1.029.624,08 € que representan un 23,05% do activo total, partida moi significativa ao igual que acontece cos debedores comerciais. Pola súa parte, a tesourería representa un 4,01% do total de activo e os investimentos financeiros a curto prazo representan o 2,59% da estrutura económica. Ambas partidas teñen un importe que non chega aos 0,2 millóns de euros.

••• **Análise da estrutura financeira**

A estrutura financeira das cooperativas é diferente á das empresas capitalistas, e as súas diferenzas máis importantes en termos relativos son:

- Un maior valor dos fondos propios.
- Un maior financiamento permanente.
- Un menor financiamento alleo a longo prazo.
- Un menor financiamento alleo a curto prazo.

Estas diferenzas poden xustificarse, en parte, pola distinta normativa que regula os fondos propios nas cooperativas e noutras formas societarias.

Unha estrutura financeira adecuada ás necesidades das cooperativas, reduce custes e facilita a consecución dos obxectivos das cooperativas.

A estrutura financeira das cooperativas da mostra está constituída nun 35,33% por recursos propios e nun 64,67% por recursos alleos.

Podemos dicir, por tanto, que no financiamento das cooperativas predominan os recursos alleos, fundamentalmente aqueles con prazo de vencemento inferior a un ano ou no curto prazo, que representan un 42,07% dos recursos totais. Por outra banda, os recursos alleos a máis longo prazo alcanzan unha impor-

tancia relativa do 22,60% e o restante 35,33% do financiamento corresponde a patrimonio neto.

	Valor Medio (en euros)	% Pasivo Total	% Composición do Patrimonio Neto
Patrimonio Neto	1.578.221,63	35,33 %	100,00 %
Capital desembolsado	532.345,50	11,92 %	33,73 %
Reservas	946.713,79	21,20 %	59,99 %
Resultados exercicios anteriores	-84.240,40	-1,89 %	-5,34 %
Resultados do exercicio	28.968,83	0,65 %	1,84 %
Axustes ao valor razoable	931,78	0,02 %	0,06 %
Subvencións	153.502,13	3,44 %	9,73 %
Recursos alleos no longo prazo	1.009.261,04	22,60 %	
Recursos alleos no curto prazo	1.879.061,12	42,07 %	
TOTAL PATRIMONIO NETO + PASIVO	4.466.543,78	100,00 %	

Na composición do patrimonio neto destaca a importancia das reservas e do capital desembolsado que representan o 21,20 e o 11,92% respectivamente do total de pasivo e o 59,99 e o 33,73% dos recursos propios.

Outra partida con certa importancia é a das subvencións, doazóns e legados recibidos que supoñen o 9,73% do patrimonio neto e o 3,44% sobre o total de pasivo.

Por outra banda, temos partidas como axustes ao valor razoable, resultados do exercicio e resultados de exercicios anteriores que case non teñen importancia sobre a estrutura financeira ou sobre os recursos propios.

●● Coeficientes de endebedamento

Este ratio indícanos a relación existente entre os recursos alleos e os fondos propios, e dinos cal é a estrutura financeira da cooperativa. Canto maior sexa este ratio, maior é o risco para o acreedor. É un ratio a ter en conta para conseguir

financiamento alleo e, cando o seu valor é superior á unidade, dificulta en gran medida obter este tipo de financiamento.

Para o cálculo do coeficiente de endebedamento utilizamos a seguinte fórmula:

$$\text{Coeficiente de endebedamento} = \text{Pasivo} / \text{Patrimonio Neto}$$

No seguinte cadro avalíase a importancia do endebedamento, onde os valores calculados sobre os importes agregados da clase se acompañan da distribución en cuartís.

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Endebedamento	4,19	-2,23	0,52	1,19	2,08	64,00
Endebedamento a l/p	1,63	-0,83	0,02	0,23	0,65	36,14
Endebedamento a c/p	2,56	-2,16	0,38	0,76	1,76	27,85


A media do coeficiente de endebedamento é de 4,19, un valor moi elevado e fora do intervalo (1 – 2). Isto indícanos que, polo momento, a súa estrutura financeira non é a máis axeitada para conseguir os seus obxectivos.

O coeficiente de endebedamento a longo prazo defínenos claramente cal é a estrutura financeira a longo prazo da cooperativa. Neste caso, o ratio sitúase en 1,63, valor situado no intervalo 1 – 2, aínda que xa pasa por exceso a unidade polo que pode ser que a estrutura financeira non sexa a máis axeitada para alcanzar os obxectivos propostos.

Por último, no que respecta ao coeficiente de endebedamento a curto prazo indica a relación entre as débedas a curto prazo e o financiamento propio. Este ratio alcanza un valor de 2,56 considerado elevado.

Este ratio está relacionado coa actividade da cooperativa, se ben os valores externos sempre deben ser unha causa para realizar unha análise máis profunda.

Tamén pode resultar interesante observar a evolución dos valores medios destes coeficientes de endebedamento durante os últimos cinco exercicios.



Observamos que todos os coeficientes de endebedamento teñen un comportamento bastante parello. O coeficiente de endebedamento presenta valores máis acusados debido a que é a suma dos outros dous coeficientes de endebedamento, a curto e a longo prazo.

O coeficiente de endebedamento a curto prazo presenta valores superiores ao ratio de endebedamento a longo prazo agás no exercicio 2013 que é inferior.

••• **Análise das relacións entre a estrutura económica e a financeira**

Neste apartado imos analizar as relacións entre as partidas da estrutura económica e a estrutura financeira das cooperativas enquisadas mediante os seguintes ratios:

$$\text{Liquidez xeral} = \text{Activo corrente} / \text{Pasivo corrente}$$

A liquidez indícanos a capacidade potencial da cooperativa para facer fronte aos seus compromisos a moi curto prazo. O seu valor pode oscilar en función da actividade.

Se o valor do ratio é maior que un, entón o activo corrente supera ao pasivo corrente e a cooperativa non tería problemas para pagar as débedas a curto prazo; pola contra, se é menor que un, o activo corrente é menor que o pasivo corrente e en xeral podería ter dificultades para pagar as débedas a curto prazo; se o valor é demasiado alto pode influír negativamente na rendibilidade.

Fondo de manobra en tanto por un do activo corrente = (Recursos permanentes – Activo non corrente) / Activo corrente

O fondo de manobra é a parte do activo corrente que non se financia con pasivo corrente, senón con recursos a longo prazo procedentes do patrimonio neto e do pasivo non corrente.

Cada cooperativa ten un fondo de manobra ideal para a súa actividade e, para calculalo, necesitaríase máis información. Unha desviación no fondo de manobra ideal pode supoñer unha falta de capacidade para facer fronte aos compromisos a curto prazo, ou ben, un exceso nos recursos a longo prazo e, por tanto, unha estrutura financeira máis cara.

Un fondo de manobra negativo implica un desequilibrio financeiro, se ben pódense dar situacións onde un valor negativo sexa o adecuado porque os cobros se fan ao contado e os pagamentos a prazo.

Liquidez inmediata = (Activo corrente – “stocks”) / Pasivo corrente

Mide a capacidade da sociedade para facer fronte ás débedas a curto prazo mediante os recursos a curto prazo, excluindo as existencias que constitúen a parte menos líquida.

O seu valor ideal pódese considerar 1, se as cooperativas se atopan por debaixo atópanse en perigo de suspensión de pagos e se é maior teñen recursos circulantes ociosos, diminuindo a rendibilidade.

Coefficiente de garantía = Activo / Pasivo

Indícanos a garantía que ofrecen as cooperativas fronte ao financiamento alleo total, é dicir, establece as unidade monetarias de investimento con que conta a cooperativa, materializados en activos con valor de realización para responder a unha unidade monetaria de financiamento alleo, medindo a garantía que a cooperativa ofrece aos seus acredores. O seu valor ideal debe estar comprendido entre 1,5 e 2,5.

No cadro que se mostra a continuación expoñemos os valores para estes ratios:

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL1	MEDIANA	CUARTIL3	MÁXIMO
Liquidez xeral	2,69	0,48	1,07	1,48	2,37	33,07
Fondo de manobra	0,27	-1,09	0,06	0,33	0,58	0,97
Liquidez inmediata	1,77	0,24	0,76	1,24	1,63	13,12
Coefficiente de garantía	2,26	0,54	1,41	1,75	2,60	8,06


Como podemos observar, a media das cooperativas analizadas obtén un ratio de liquidez xeral de 2,69. Este valor é superior a 1 e bastante alto, polo tanto, a pesar de que as cooperativas non teñen problemas para pagar as débedas a curto prazo si lle pode afectar negativamente na rendibilidade.

Polo que respecta á liquidez inmediata, obtén un valor medio de 1,77. Como sabemos o seu valor ideal sería de 1 e ao ser superior indícanos que as cooperativas teñen recursos circulantes ociosos, o que diminúe a rendibilidade.

No referente ao fondo de manobra, observamos un valor medio de 0,27 que pode ser considerado un valor aceptable. O mesmo acontece co coeficiente de

garantía que obtén un valor de 2,26 e, polo tanto, está comprendido no intervalo 1,5 – 2,5 que se considera o seu valor ideal.

Evolución da capacidade de pagamento das cooperativas da mostra (2010 - 2014)



A liquidez xeral e a liquidez inmediata no período 2010-2014 mostran unha evolución semellante, só que a liquidez xeral presenta uns valores superiores. Durante a primeira parte do período a tendencia de ambos ratios era decrecente ata que se produce un incremento no exercicio 2013 e, novamente, volve diminuír en 2014.

O fondo de manobra diminúe considerablemente ao longo do período 2010 -2014, pasando dun valor de 1,77 no ao 2010 a un valor de 0,27 no 2014.

Por último, o coeficiente de garantía tamén presenta unha tendencia á baixa, tendo en 2010 un valor de 4,03 e obtendo neste último exercicio un valor de 2,26.

5.2. Análise da conta de resultados

As sociedades cooperativas teñen un obxectivo diferente ao do resto de empresas, sobre todo das empresas capitalistas que buscan obter a máxima rendibilidade financeira para deste xeito maximizar o seu valor; nas cooperativas o obxectivo é a mellora socioeconómica das persoas socias mediante o incremento da renda dispoñible e da procura dunha mellor calidade de vida. Este obxectivo finánciase mediante a marxe sobre os produtos que compran e venden e a prestación de servizos, tendo en conta que nas cooperativas se dá a circunstancia de que as persoas socias son, en moitos casos, provedores e clientes e, polo tanto, as marxes que se aplican nas operacións son decididas por eles mesmos.

No exercicio 2014, as cooperativas enquisadas teñen un excedente en valores medios de 28.968,83 € que representa un 0,51% do valor da produción.

Se consideramos que o obxectivo das cooperativas non é maximizar os beneficios, este valor pódenos orientar polo que respecta a cuestións puntuais, principalmente de gastos.

Recóllese, a continuación, a análise da xeración de resultados das cooperativas realizada a partir da consideración dos valores medios dos diferentes conceptos de ingresos, gastos e marxes incluídos na conta de resultados.

	Valor Medio (en euros)	% Ingresos de explotación
Ingresos de explotación	5.732.724,63	100,00 %
Importe neto da cifra de negocios	5.641.463,05	98,41 %
Consumos de explotación	-4.751.188,64	-82,88 %
Outros gastos de explotación	-446.447,15	-7,79 %
Valor engadido	535.088,84	9,33 %
Gastos de persoal	-349.721,84	-6,10 %
Dotacións para amortización de inmovilizado	-114.938,65	-2,00 %
Outros resultados	521,66	0,01 %
Resultado de explotación	70.950,02	1,24 %
Ingresos financeiros	12.636,81	0,22 %
Gastos financeiros	-42.799,10	-0,75 %
Resultado financeiro	-31.204,44	-0,54 %
Resultado antes de impostos	39.745,57	0,69 %
Imposto sobre sociedades	-10.776,74	-0,19 %
Resultado do exercicio	28.968,83	0,51 %

Os ingresos de explotación medios son de 5.732.724,63 €. No que se refire á composición destes ingresos, o importe da cifra de negocios (ingresos procedentes da actividade principal da cooperativa) constitúen a súa fonte principal cun valor de 5.641.463,05 euros e representan o 98,41% destes. Un pequeno resto (1,59%), polo tanto, representa a porcentaxe dos ingresos da cooperativa media que proceden das actividades secundarias, de axudas ou subvencións á explotación ou de ingresos procedentes da entrega de bens ou da prestación de servizos non relacionados coa actividade normal da cooperativa ás súas persoas socias.

Nos gastos de explotación, as compras netas representan o 82,88% que sinala o predominio das actividades puramente comerciais; fronte ao 7,79% que representan os outros gastos de explotación.

O valor engadido medio resultante da diferenza entre os ingresos de explotación e os gastos derivados do consumo de bens e servizos adquiridos alcanza a cifra de 535.088,84 €, que representa un 9,33% dos ingresos da cooperativa. Na interpretación deste reducido peso débese ter en conta que o obxectivo prioritario da cooperativa non é a maximización do valor creado, senón a satisfacción das necesidades das persoas socias, o que trae consigo a realización das operacións de venda ou prestación de servizos a prezos inferiores aos de mercado.

Os gastos de persoal teñen valor medio de 349.721,84 € e representan un peso relativo do 6,10% dos ingresos de explotación.

Polo que respecta as dotacións para amortización de inmovilizado, observamos que estas representan un 2,00% dos ingresos de explotación, unha porcentaxe reducida que se xustifica coa escasa contía dos investimentos en inmovilizado.

Para determinar o resultado de explotación tamén se consideran as ganancias e as perdas derivadas de operacións de venda dos inmovilizados, as subvencións traspasadas ao resultado do exercicio e outros ingresos e gastos de natureza allea á actividade da cooperativa. Os importes correspondentes a estes conceptos apenas ten significación para a cooperativa media.

O resultado de explotación, unha vez considerados os ingresos e gastos anteriormente citados, alcanza un valor medio de 70.950,02 €.

No referente ao gastos financeiros, dicir que o valor medio ascende a -42.799,10 € e teñen un peso relativo sobre os ingresos de explotación do 0,75%. Estes gastos non son compensados polos ingresos financeiros da cooperativa media, polo tanto, o resultado financeiro é negativo por un importe de -31.204,44 euros.

Desta forma, obtemos un resultado xerado pola actividade ordinaria, suma dos resultados de explotación e financeiro, de 39.745,57 €. Este resultado resulta bastante alentador, xa que as cooperativas dispoñen dun excedente para incre-

mentar o seu autofinanciamento ou contribuír a fins vinculados coa dotación do fondo de educación e de promoción.

••• **Análise das relacións entre a conta de resultados e o balance**

Neste apartado imos analizar dous grupos de ratios: ratios do punto morto e ratios de rendibilidade. No relativo aos ratios do punto morto vanse analizar o ratio de absorción de custes fixos, o ratio de eficiencia comercial, o índice de seguridade de custes variables e o índice de seguridade de custes fixos. Polo que respecta aos ratios de rendibilidade analizaremos a rendibilidade económica, a marxe comercial, a rendibilidade financeira e a rotación de activos.

Índice de absorción de custes fixos = Punto morto / Ventas

O índice de absorción de custes fixos expresa a porcentaxe de vendas necesarias para cubrir os custes fixos e alcanzar o limiar de rendibilidade. Canto menor sexa este ratio, maior será a rendibilidade da cooperativa.

Eficiencia comercial = (Ventas – Punto morto) / Ventas

O índice de eficiencia comercial expresa a porcentaxe de vendas que podería ser reducida sen entrar en perdas a cooperativa.

Índice de seguridade de custes variables = Beneficios da explotación / Custes variables da explotación

O índice de seguridade de custes variables expresa a porcentaxe máxima na que poderían incrementarse os custes variables sen entrar en perdas.

Índice de seguridade de custes fixos = Beneficios da explotación / Custes fixos da explotación

O índice de seguridade de custes fixos expresa a porcentaxe máxima na que poderían incrementarse os custes fixos sen entrar en perdas.

Rendibilidade económica = BAIT / Activo

A rendibilidade económica expresa a eficacia da cooperativa considerada como unha unidade económica con capacidade para xerar un resultado con independencia da estrutura financeira que adopte.

Marxe comercial = BAIT / Ventas

A marxe comercial mide o beneficio obtido por cada unidade monetaria vendida, sendo o resultado entre o prazo de venda e o prazo de compra, expresado en termos de porcentaxe sobre vendas.

Rotación de activos = Ventas / Activo

A rotación do activo mide o número de veces que se recupera o activo vía vendas ou, expresado doutro xeito, o número de unidades monetarias vendidas por cada unidade monetaria investida.

Rendibilidade financeira = BDT / Recursos propios

A rendibilidade financeira indica a taxa con que a cooperativa remunera as achegas realizadas polas persoas socias.

... Ratios do punto morto

As cooperativas analizadas presentan un índice de absorción superior á unidade de 1,43, polo que as súas vendas non son suficientes para cubrir os custes fixos. Sería recomendable que analizasen esta situación e tomaran as medidas correctoras necesarias para saír da situación.


No que respecta ao índice de eficiencia comercial obtén un valor negativo de 0,43. Esta situación é insostible durante un período de tempo longo a non ser que as persoas socias compensen perdas todos os exercicios con achegas de diñeiro.

	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Índice de absorción	1,43	-9,32	0,71	0,86	1,18	20,33
Índice de eficiencia comercial	-0,43	-19,33	-0,18	0,14	0,29	10,32
Índice de seguridade de c.v.	0,02	-1,68	-0,01	0,00	0,02	2,41
Índice de seguridade de c.f.	0,42	-1,16	-0,28	0,19	0,38	12,12

O índice de seguridade de custes variables é igual a 0,02 na media das cooperativas da mostra. Isto indica que os custes variables apenas poden incrementarse sen que as cooperativas entren en perdas. Pola súa banda, o índice de seguridade de custes fixos obtén un valor de 0,42, que é un valor razoable.

No seguinte gráfico podemos observar a evolución no período 2010 - 2014 dos ratios do punto morto para as cooperativas da mostra.

Evolución ratios do punto morto das cooperativas da mostra (2010 - 2014)



Observamos que o índice de absorción presenta un valor moi baixo no ano 2012 e, a partir dese punto, comeza a incrementarse ata o 2014 onde volve diminuír pero lixeiramente.

Pola súa banda, o índice de eficiencia comercial presenta unha evolución contraria ao índice de absorción. No exercicio 2012 alcanza o seu valor máis elevado e comeza a diminuír ata que no ano 2014 volve incrementarse moi lixeiramente.

O índice de seguridade de custes variables increméntase lixeiramente en 2011 e despois mantense nun intervalo de valores moi próximos durante todo o período 2011 – 2014.

Pola súa banda, o índice de seguridade de custes fixos mantense en valores moi similares durante o período 2010 – 2013 e increméntase no exercicio 2014.

... Ratios de rendibilidades

O carácter secundario do obxectivo de maximización do resultado fai que a rendibilidade real das cooperativas sexa mellor medida tomando en consideración parámetros relativos á consecución de melloras económicas para a explotación individual das persoas socias ou para a súa calidade de vida, que a través da comparación dos excedentes da propia cooperativa cos recursos por ela utilizados. É por isto que facemos unha media dos ratios dos principais indicadores de rendibilidade e a súa distribución en cuartís, por considerar que puideran ter utilidade para a realización de análises comparativas temporais.


	MEDIA	MÍNIMO	CUARTIL 1	MEDIANA	CUARTIL 3	MÁXIMO
Rendibilidade económica	0,00	-0,34	-0,01	0,01	0,03	0,08
Marxen comercial	-0,03	-1,48	-0,01	0,00	0,02	0,12
Rotación de activos	2,40	0,00	0,71	2,00	3,93	8,38
Rendibilidade financeira	-0,03	-1,10	-0,08	0,02	0,07	0,48

A rendibilidade económica ou dos activos totais das cooperativas enquisadas alcanza un valor medio de 0. A rendibilidade financeira ou dos recursos achegados polas persoas co presenta un valor negativo de 0,03. Polo que respecta á marxe comercial comentar que presenta un valor negativo de 0,03. Isto indica que se poden producir situacións delicadas. Pola súa banda, a rotación de activos ten un valor bastante elevado de 2,40.

En xeral, poderíamos dicir que estes valores indican que os ingresos das cooperativas se incrementaron en menor proporción que os investimentos, tanto en fixo como en circulante.

No seguinte gráfico ilustramos os valores da evolución das medias dos ratios de rendibilidade para o período 2010 – 2014.

Evolución ratios de rendibilidade das cooperativas da mostra (2010 - 2014)



Podemos observar como no período 2010 – 2014 tanto a rendibilidade económica como a marxe comercial se manteñen bastante constantes e con valores moi similares.

Polo que respecta a rendibilidade financeira; prodúcese unha redución durante os dous primeiros exercicios chegando a seu valor máis baixo no ano 2012 onde comeza outra vez a cambiar a tendencia. Actualmente volve ter unha tendencia a ir diminuíndo.

A media da rotación de activos alcanza valores moi superiores aos demais ratios en todos os exercicios do período, apreciándose unha tendencia á alza ata o ano 2013 onde se produce un cambio e comeza a diminuír moi lixeiramente.

5.3. Anexos

ANEXO I: Balance agregado das cooperativas da mostra (€)

ACTIVO	EXERCICIO 2013		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) ACTIVO NON CORRENTE	67.583.274,60	1.407.984,89	41,17 %
I. Inmobilizado intanxible	1.806.688,56	37.639,35	1,10 %
II. Inmobilizado material	48.028.940,89	1.000.602,94	29,26 %
III. Investimentos inmobiliarios	14.856,00	309,50	0,01 %
IV. Investimentos a l/p en empresas do grupo, asociadas e socios	11.330.286,87	236.047,64	6,90 %
V. Investimentos financeiros a l/p	5.296.015,44	110.333,66	3,23 %
VI. Activos por imposto diferido	1.106.486,84	23.051,81	0,67 %
B) ACTIVO CORRENTE	96.564.103,73	2.011.752,16	58,83 %
I. Activos non correntes mantidos para a venda	66.179,01	1.378,73	0,04 %
II. Existencias	40.934.647,63	852.805,16	24,94 %
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	43.085.232,79	897.609,02	26,25 %
IV. Investimentos a c/p en empresas do grupo, asociadas e socios	67.861,73	1.413,79	0,04 %
V. Investimentos financeiros a c/p	4.468.879,29	93.101,65	2,72 %
VI. Periodificación a c/p	210.055,23	4.376,15	0,13 %
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	7.731.248,05	161.067,67	4,71 %
TOTAL ACTIVO (A+B)	164.147.378,33	3.419.737,05	100,00 %

ACTIVO	EXERCICIO 2014		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) ACTIVO NON CORRENTE	91.516.681,19	1.947.163,43	43,59 %
I. Inmobilizado intanxible	1.079.432,36	22.966,65	0,51 %
II. Inmobilizado material	66.891.229,54	1.423.217,65	31,86 %
III. Investimentos inmobiliarios	14.855,61	316,08	0,01 %
IV. Investimentos a l/p en empresas do grupo, asociadas e socios	17.234.857,01	366.699,09	8,21 %
V. Investimentos financeiros a l/p	4.436.493,76	94.393,48	2,11 %
VI. Activos por imposto diferido	1.859.812,91	39.570,49	0,89 %
B) ACTIVO CORRENTE	118.410.876,48	2.519.380,35	56,41 %
I. Activos non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
II. Existencias	48.392.331,99	1.029.624,08	23,05 %
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	56.156.825,86	1.194.826,08	26,75 %
IV. Investimentos a c/p en empresas do grupo, asociadas e socios	-404.144,37	-8.598,82	-0,19 %
V. Investimentos financeiros a c/p	5.658.412,33	120.391,75	2,70 %
VI. Periodificación a c/p	190.860,12	4.060,85	0,09 %
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8.416.590,55	179.076,39	4,01 %
TOTAL ACTIVO (A+B)	209.927.557,67	4.466.543,78	100,00 %

EXERCICIO 2013			
PASIVO	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) PATRIMONIO NETO	75.392.855,77	1.570.684,50	45,93 %
A-1) Fondos Propios	68.513.191,52	1.427.358,16	41,74 %
I. Capital	23.932.874,12	498.601,54	14,58 %
II. Reservas	45.138.413,99	940.383,62	27,50 %
III. Resultados de ejercicios anteriores	-1.137.416,24	-23.696,17	-0,69 %
IV. Outras achegas de socios	896,92	18,69	0,00 %
V. Excedente da cooperativa (positivo ou negativo)	578.422,73	12.050,47	0,35 %
VI. (Remun ó cap a cta e Ret coop á cta entrgrds no exer)	0,00	0,00	0,00 %
VII. Fondos capitalizados	0,00	0,00	0,00 %
VIII. Outros instrumentos de patrimonio neto	0,00	0,00	0,00 %
A-2) Axustes por cambios de valor	91.421,52	1.904,62	0,06 %
I. Activos financeiros dispoñibles para a venda	-35.412,77	-737,77	-0,02 %
II. Operacións de cobertura	0,00	0,00	0,00 %
III. Outros	126.834,29	2.642,38	0,08 %
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	6.788.242,73	141.421,72	4,14 %
B) PASIVO NON CORRENTE	24.796.086,44	516.585,13	15,11 %
I. Fondo de Educación, formación e promoción a l/p	24.879,55	518,32	0,02 %
II. Débedas con especiais características a l/p	2.179.119,18	45.398,32	1,33 %
III. Provisións a longo prazo	337.000,44	7.020,84	0,21 %
IV. Débedas a longo prazo	14.859.044,37	309.563,42	9,05 %
V. Débedas a l/p con empresas do grupo, asociadas e socios	5.741.647,01	119.617,65	3,50 %
VI. Pasivos por imposto diferido	1.572.181,65	32.753,78	0,96 %
VII. Periodificacións a l/p	82.214,24	1.712,80	0,05 %
C) PASIVO CORRENTE	63.958.436,12	1.332.467,42	38,96 %
I. Fondo de educación, formación e promoción a c/p	6.029,96	125,62	0,00 %
II. Débedas con especiais características a c/p	50.614,37	1.054,47	0,03 %
III. Pasivos vinc con act. non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
IV. Provisións a c/p	156.777,08	3.266,19	0,10 %
V. Débedas a c/p	15.978.466,06	332.884,71	9,73 %
VI. Débedas a curto prazo con empresas do grupo, asociadas e socios	6.149.015,41	128.104,49	3,75 %
VII. Acredores comerciais e outras contas a pagar	41.604.954,93	866.769,89	25,35 %
VIII. Periodificacións a c/p	12.578,31	262,05	0,01 %
TOTAL PASIVO (A+B+C)	164.147.378,33	3.419.737,05	100,00 %

EXERCICIO 2014			
PASIVO	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) PATRIMONIO NETO	74.176.416,55	1.578.221,63	35,33 %
A-1) Fondos Propios	66.918.022,92	1.423.787,72	31,88 %
I. Capital	25.019.341,61	532.326,42	11,92 %
II. Reservas	44.495.547,94	946.713,79	21,20 %
III. Resultados de exercicios anteriores	-3.959.298,75	-84.240,40	-1,89 %
IV. Outras achegas de socios	896,92	19,08	0,00 %
V. Excedente da cooperativa (positivo ou negativo)	1.361.535,20	28.968,83	0,65 %
VI. (Remun ó cap a cta e Ret coop á cta entrgrds no exer)	0,00	0,00	0,00 %
VII. Fondos capitalizados	0,00	0,00	0,00 %
VIII. Outros instrumentos de patrimonio neto	0,00	0,00	0,00 %
A-2) Axustes por cambios de valor	43.793,43	931,78	0,02 %
I. Activos financeiros dispoñibles para a venda	-17.289,75	-367,87	-0,01 %
II. Operacións de cobertura	0,00	0,00	0,00 %
III. Outros	61.083,18	1.299,64	0,03 %
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	7.214.600,20	153.502,13	3,44 %
B) PASIVO NON CORRENTE	47.435.268,66	1.009.261,04	22,60 %
I. Fondo de Educación, formación e promoción a l/p	2.922,05	62,17	0,00 %
II. Débedas con especiais características a l/p	9.249.515,64	196.798,21	4,41 %
III. Provisións a longo prazo	489.034,56	10.404,99	0,23 %
IV. Débedas a longo prazo	28.732.794,06	611.336,04	13,69 %
V. Débedas a l/p con empresas do grupo, asociadas e socios	7.219.485,65	153.606,08	3,44 %
VI. Pasivos por imposto diferido	1.680.410,66	35.753,42	0,80 %
VII. Periodificacións a l/p	61.106,04	1.300,13	0,03 %
C) PASIVO CORRENTE	88.315.872,46	1.879.061,12	42,07 %
I. Fondo de educación, formación e promoción a c/p	0,00	0,00	0,00 %
II. Débedas con especiais características a c/p	50.614,37	1.076,90	0,02 %
III. Pasivos vinc con act. non correntes mantidos para a venda	0,00	0,00	0,00 %
IV. Provisións a c/p	106.969,72	2.275,95	0,05 %
V. Débedas a c/p	16.034.333,96	341.156,04	7,64 %
VI. Débedas a curto prazo con empresas do grupo, asociadas e socios	4.417.155,24	93.982,03	2,10 %
VII. Acredores comerciais e outras contas a pagar	67.688.669,94	1.440.184,47	32,24 %
VIII. Periodificacións a c/p	18.129,23	385,73	0,01 %
TOTAL PASIVO (A+B+C)	209.927.557,67	4.466.543,78	100,00 %

ANEXO II: Conta de resultados agregada das cooperativas da mostra (€)

(DEBE)/HABER	EXERCICIO 2013		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) OPERACIÓN CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	278.210.764,01	5.796.057,58	100,00 %
2. Variación de existencias de PT e en curso de fabricación **	-48.445,60	-1.009,28	-0,02 %
3. Traballos realizados pola cooperativa para o seu activo	8.901,30	185,44	0,00 %
4. Aprovisionamentos*	-235.265.486,83	-4.901.364,31	-84,56 %
5. Outros ingresos de explotación	2.386.056,19	49.709,50	0,86 %
6. Gastos de persoal*	-17.194.188,96	-358.212,27	-6,18 %
7. Outros gastos de explotación*	-22.032.378,24	-459.007,88	-7,92 %
8. Amortización do inmovilizado*	-5.403.122,61	-112.565,05	-1,94 %
9. Imputación de subvencións de inmov. non financeiro e outras	1.454.376,44	30.299,51	0,52 %
10. Excesos de provisións	0,00	0,00	0,00 %
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado**	159.311,64	3.318,99	0,06 %
12. Fondo de Educación, Formación e Promoción	-10.172,96	-211,94	0,00 %
12. bis Outros resultados **	133.293,21	2.776,94	0,05 %
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	2.398.907,59	49.977,24	0,86 %
13. Ingresos financeiros	647.493,24	13.489,44	0,23 %
14. Gastos financeiros*	-1.670.308,01	-34.798,08	-0,60 %
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**	-12.836,72	-267,43	0,00 %
16. Diferenzas de cambio	-2.604,13	-54,25	0,00 %
17. Deterioro e rtdo. por alleamentos de instrumentos fros.	-725.455,86	-15.113,66	-0,26 %
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)	-1.763.711,48	-36.743,99	-0,63 %
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A1+A2)	635.196,11	13.233,25	0,23 %
18. Impuestos sobre beneficios**	-56.773,38	-1.182,78	-0,02 %
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERAC. CONTINUADAS (A3+18)	578.422,73	12.050,47	0,21 %
B) OPERACIÓN INTERROMPIDAS			
19. Rtdo. do exerc. procedente de operac. interrompidas neto de imptos**	0,00	0,00	0,00 %
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+19)	578.422,73	12.050,47	0,21 %

(DEBE)/HABER	EXERCICIO 2014		
	TOTAL	MEDIA	% S/TOTAL
A) OPERACIONES CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	265.629.055,38	5.651.682,03	100,00 %
2. Variación de existencias de PT e en curso de fabricación **	-480.292,26	-10.218,98	-0,18 %
3. Traballos realizados pola cooperativa para o seu activo	0,00	0,00	0,00 %
4. Aprovisionamentos*	-223.305.865,88	-4.751.188,64	-84,07 %
5. Outros ingresos de explotación	2.749.635,91	58.502,89	1,04 %
6. Gastos de persoal*	-16.436.926,38	-349.721,84	-6,19 %
7. Outros gastos de explotación*	-20.983.016,07	-446.447,15	-7,90 %
8. Amortización do inmovilizado*	-5.402.116,48	-114.938,65	-2,03 %
9. Imputación de subvencións de inmov. non financeiro e outras	1.459.322,97	31.049,42	0,55 %
10. Excesos de provisións	0,00	0,00	0,00 %
11. Deterioro e resultado por alleamentos do inmovilizado**	80.509,70	1.712,97	0,03 %
12. Fondo de Educación, Formación e Promoción	-174,20	-3,71	0,00 %
12. bis Outros resultados **	24.518,07	521,66	0,01 %
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	3.334.650,76	70.950,02	1,26 %
13. Ingresos financeiros	593.929,93	12.636,81	0,22 %
14. Gastos financeiros*	-2.011.557,63	-42.799,10	-0,76 %
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros**	-1.222,62	-26,01	0,00 %
16. Diferenzas de cambio	13.694,93	291,38	0,01 %
17. Deterioro e rtdo. por alleamentos de instrumentos fros.	-61.453,50	-1.307,52	-0,02 %
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)	-1.466.608,89	-31.204,44	-0,55 %
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A1+A2)	1.868.041,87	39.745,57	0,70 %
18. Impostos sobre beneficios**	-506.506,67	-10.776,74	-0,19 %
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERAC. CONTINUADAS (A3+18)	1.361.535,20	28.968,83	0,51 %
B) OPERACIONES INTERROMPIDAS			
19. Rtdo. do exerc. procedente de operac. interrompidas neto de imptos**	0,00	0,00	0,00 %
A,5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+19)	1.361.535,20	28.968,83	0,51 %



BIBLIOGRAFÍA

COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS DE ESPAÑA, *Observatorio Socioeconómico do Cooperativismo Agrario Español 2008, 2012 e 2013*, Madrid.

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA, www.ige.eu

INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA, www.ine.es

MANUEL JORDÁN RODRÍGUEZ e MARÍA ROSARIO BABÍO ARCAJ, *Cooperativas de Galicia. Informe de síntese 2010*, Santiago de Compostela: Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais, 2010.

MEIXIDE VECINO, A. (Dir.), *A Economía Galega 2013* CIEF. Fundación Caixa Galicia, 2014.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE, www.magrama.es

